

ANEXO V**Laboratorio comunitario de referencia para a peste porcina africana**

1. O laboratorio comunitario de referencia para a peste porcina africana é o seguinte: Centro de Investigación en Sanidade Animal, 28130, Valdeolmos, Madrid, España.

2. As atribucións e o cometido do laboratorio comunitario de referencia da peste porcina africana serán os seguintes:

a) Coordinar, en concertación coa Comisión Europea, os métodos de diagnóstico da peste porcina africana empregados nos estados membros, especialmente mediante:

1.º A conservación e subministración de cultivos celulares para o diagnóstico.

2.º A tipificación, a conservación e a subministración de cepas do virus da peste porcina africana para as probas serolóxicas e a preparación de antisoros.

3.º A subministración de soros normalizados, soros conxugados e outros reactivos de referencia, ós laboratorios nacionais, para harmoniza-las probas e reactivos empregados nos estados membros.

4.º A creación e conservación dunha colección de virus da peste porcina africana.

5.º A organización periódica de probas comparativas comunitarias dos procedementos de diagnóstico.

6.º A recompilación de datos e información sobre os métodos de diagnóstico utilizados e os resultados das probas efectuadas.

7.º A caracterización das cepas illadas do virus mediante os métodos máis avanzados dispoñibles, para lograr unha mellor comprensión da epizootioloxía da peste porcina africana.

8.º O seguimento da evolución en todo o mundo da vixilancia, epizootioloxía e prevención da peste porcina africana.

9.º A acumulación dos coñecementos especializados sobre o virus da peste porcina africana e outros virus pertinentes, para poder facer un diagnóstico diferencial rápido.

b) Adopta-las disposicións necesarias para a formación e a reciclaxe dos expertos en diagnóstico de laboratorio, para harmoniza-las técnicas de diagnóstico.

c) Dispor de persoal cualificado para posibles situacións de urxencia que se presenten na Unión Europea.

d) Desenvolver e, cando sexa posible, coordinar actividades de investigación destinadas a mellora-la loita contra a peste porcina africana.

e) Establecer protocolos técnicos relativos ós procedementos de comprobación da eficacia dos desinfectantes contra o virus da peste porcina africana.

3. Os laboratorios comunitarios de referencia para a peste porcina clásica e a peste porcina africana organizarán as súas actividades de modo tal que se garanta unha adecuada coordinación das probas comparativas organizadas a escala comunitaria para o diagnóstico de ámbalas enfermidades.

ANEXO VI**Criterios e requisitos do plan de urxencia**

1. O plan de urxencia axustarase, polo menos, ós criterios e requisitos seguintes:

a) Tomaranse disposicións co fin de garanti-la capacidade legal necesaria para a execución do plan de urxencia, e permitir unha campaña de erradicación rápida e eficaz.

b) Tomaranse disposicións que garantan o acceso a fondos de urxencia, recursos orzamentarios e recursos financeiros, para cubrir tódolos aspectos da loita contra unha epizootia de peste porcina africana.

c) Establecerase unha cadea de mando que garanta a rapidez e eficacia do proceso de toma de decisións en caso de epizootia. Se así procede, a cadea de mando en cada comunidade autónoma estará baixo a autoridade dun único centro de decisión que será o encargado de dirixi-las distintas estratexias de loita contra a enfermidade e servir de enlace co centro nacional de loita contra a enfermidade a que se refire o artigo 22.

d) Tomaranse medidas co fin de dispor dos recursos adecuados para poder levar a cabo unha campaña rápida e eficaz, incluídos o persoal, os equipos e o material de laboratorio.

e) Proporcionarase un manual de instrucións actualizado no que se describan de forma detallada, exhaustiva e práctica tódolos procedementos, instrucións e medidas de loita que deban aplicarse ante un foco de peste porcina africana.

f) O persoal tomará parte periodicamente en:

1.º Accións de formación sobre signos clínicos, enquisa epidemiolóxica e loita contra a peste porcina africana.

2.º Exercicios de alerta no ámbito nacional, que terán lugar, polo menos, dúas veces ó ano.

3.º Accións de formación sobre técnicas de comunicación, para a organización de campañas de sensibilización sobre a enfermidade destinada ás autoridades, ós gandeiros e ós veterinarios.

2. Os criterios e requisitos previstos no punto anterior poderán ser modificados ou completados pola Comisión Europea para atender-la natureza específica da peste porcina africana e o progreso das medidas de loita contra a enfermidade.

XEFATURA DO ESTADO

10463 *LEI 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.* («BOE» 124, do 24-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O desenvolvemento económico sostido e a mellora da calidade de vida non se poden desvincular da creación de infraestructuras e da prestación ós cidadáns de servizos considerados esenciais, funcións ambas que teñen nos poderes públicos os responsables máis cualificados. O protagonismo das distintas administracións públicas non debe nin pode excluír, sen embargo, para asegurar unha mellor resposta ás demandas da sociedade, o papel relevante que corresponde á propia sociedade civil en xeral e, no plano económico, ó empresario privado, colaborador obrigado e tradicional da Administración a través das distintas fórmulas recollidas na nosa lexislación.

No repertorio de instrumentos que articulan a colaboración entre os poderes públicos e o sector privado, presenta unha especial significación a institución da concesión, utilizada no século XIX como opción cardinal nos grandes empeños administrativos e recollida e adaptada, en función dos distintos obxectivos ós que se ordenaba, nas lexislacións sectoriais que xorden no século XIX. O seu proceso evolutivo culminou, con base xa no propio dereito da Unión Europea, na acollida da concesión de obras públicas na lexislación de contratos das administracións públicas. A importancia, sen embargo, da institución como instrumento á disposición dos poderes públicos para dosificar o seu esforzo e potenciar paralelamente as súas capacidades, unida ós seus trazos claramente contractuais, fixera xa que a Constitución, no seu artigo 149.1.18.^a, reservara á competencia exclusiva do Estado a lexislación básica en materia de concesións a carón da de contratos.

O ata aquí exposto permite destacar tanto a vixencia da concesión coma a súa regulación singular e fragmentada, imposta pola súa necesaria adaptación ós obxectivos diferenciados ós que serve no marco das lexislacións sectoriais. Este tratamento diversificado levou a escurece-lo seu concepto e mesmo violenta-las súas notas substantivas a favor de solucións moi concretas ata facerlle perder, paradoxalmente, á institución, vítima deste afán de especialización, gran parte da súa capacidade ordenadora.

Por canto antecede, no limiar do século XXI, parece razoable, se non obrigado —e este é o obxectivo da lei—, recupera-los trazos definidores da figura centenaria da concesión de obras públicas —contribución dos recursos privados á creación de infraestructuras e equitativa retribución do esforzo empresarial—, figura insubstituíble no actuar dos poderes públicos, se ben axustando estes ó modelo administrativo e social dos nosos días, é dicir, facendo útil de novo a institución, en función das súas características esenciais, en tódolos campos en que está chamada a operar.

Desde o punto de vista da técnica normativa optouse por inseri-la regulación específica deste contrato na Lei de contratos das administracións públicas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, seguindo o criterio sostido polo Consello de Estado. Na súa virtude, introdúcese, na regulación dos distintos tipos de contratos administrativos do libro II, un novo título V «Do contrato de concesión de obras públicas», que recolle o réxime xurídico deste contrato, agora xa típico, atendendo ás singularidades que presenta e na liña da tradición do dereito español. O resultado é un título harmónico e sistemático na medida en que contén unha regulación da concesión que, partindo da definición da figura contractual, disciplina toda a vida do contrato naqueles puntos en que realmente foi necesario o seu tratamento singular respecto á parte xeral do libro I desta lei.

Desta maneira, a Lei de contratos das administracións públicas vese enriquecida coa regulación completa deste contrato, a utilización xeneralizada do cal polas administracións públicas demandaba un réxime xurídico singularizado, atendendo ás súas características especiais, dentro do código de normas de contratación que constitúe esta lei.

A nova regulación do contrato de concesión de obras públicas contida nesta lei resulta, polo tanto, troncal ou horizontal, con carácter de lexislación básica na súa maior parte, de obrigado cumprimento para tódalas administracións que desexen utilizala. As regulacións sectoriais ou autonómicas adquirirán en consecuencia un carácter de complementariedade agás nos casos en que o propio lexislador estableza a excepción por vía singular. A norma vén establecer así o réxime regulador

da concesión, que o Estado estima en principio irrenunciabile, para que a institución cumpra o novo papel que a sociedade reclama, isto é, a súa contribución ó financiamento e creación de infraestructuras e, conseguintemente, ó máis rápido crecemento económico.

En consecuencia, coa posta ó día da institución da concesión, o financiamento e a construción das obras públicas quedarían instrumentados substancialmente a través dalgunha das modalidades seguintes:

a) Construcción mediante un contrato administrativo de obras, tal como prevé o título I do libro II da Lei de contratos das administracións públicas, con financiamento dunha ou varias administracións públicas en función da finalidade das obras e, eventualmente, axudas dos fondos da Unión Europea.

b) Construcción mediante un contrato administrativo de obra baixo a modalidade de aboamento total do prezo, é dicir, con financiamento previo do contratista e pagamento aprazado por parte da Administración, de conformidade co establecido no artigo 147 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

c) Construcción e explotación da obra pública en réxime de concesión, conferíndolle-lo protagonismo principal, baixo a tutela e control da Administración, á iniciativa e ó capital privados, opción esta na que queda incluída a variedade do contrato de concesión que incorpora a obriga adicional para o concesionario de construír unha obra ou obras diferenciadas da que é obxecto de concesión, pero vinculadas a ela.

A modalidade a que se refire a alínea c) é a que se regula nesta lei, cos principios inspiradores e o contido que se expoñen a seguir.

II

Catro conceptos ou notas fundamentais caracterizan a figura da concesión, tal como a concibe esta lei, conceptos que constitúen o núcleo desta, imprimíndolle carácter, e o contido ou significado dos cales convén precisar para unha mellor comprensión da norma. Estes son os de «obra pública», «risco concesional», «equilibrio económico da concesión» e «diversificación do financiamento», conceptos que se examinan a seguir.

A regulación do contrato de obras identifica estas (artigo 120 da Lei de contratos das administracións públicas) máis como actividade ca como resultado, de aí o plural utilizado na denominación do contrato, se ben a «obra pública», en sentido estricto, debe entenderse como sinónimo de ben inmovible de interese público creado pola actividade do concesionario que realiza o proxecto aprobado pola Administración. Na nova regulación do contrato de concesión de obras públicas, a obra pública, como realidade tanxible que admite a posibilidade da súa explotación económica, constitúe o principal factor para defini-lo seu obxecto, factor ó que se unirá o interese que a construción da obra lle mereza á Administración concedente. Neste punto convén así mesmo precisar que a obra cobra o seu cabal significado para posibilita-lo contrato cando é susceptible de se constituír en soporte instrumental para a execución de actividades e servicios varios de interese público, incluído o que se poida desprender da súa propia natureza cando se destine ó uso ou aproveitamento xeral.

Reviste importancia capital, para que a concesión da obra pública conserve os seus sinais de identidade e poida ser recoñecida como tal, que o concesionario asuma o risco da súa construción, conservación e explotación. Evidentemente, nun contrato de longa duración por natureza, a asunción do risco, ante a imposibilidade de predicir cunha marxe razoable de erro o futuro, non

pode transformalo contrato nun negocio aleatorio polo que en coherencia se impón moderar adecuadamente os límites do risco, se se queren atraer a participación do capital e a iniciativa privadas en investimentos que polo seu volume esixen o esforzo compartido dos sectores público e privado. Debe destacarse, sen embargo, que a asunción de risco en «proporción substancial» polo concesionario resulta determinante para que o contrato de concesión mereza tal cualificación. A lei responde así, sen ambigüidades, ás esixencias da doutrina e das conclusións da Comisión Europea, expostas na súa Comunicación interpretativa 2000/C 121/02, publicada no Diario Oficial da Comunidade Europea do 29 de abril de 2000. Esta doutrina do risco informa, en consecuencia, a regulación que a lei fai da concesión de obras públicas.

A terceira nota clave é a atención prestada ó significado e efectos do principio de equilibrio económico da concesión. A tradición do noso dereito positivo, quizais habería que falar con maior propiedade de numerosos pregos de condicións, consagrou, de forma rechamante nalgúns casos, unha interpretación do principio sempre favorable ó concesionario, ata conseguir incluso que o risco deste desaparecese en ocasións. Para que a concesión conserve a súa natureza, o equilibrio económico contractual deberá recompor —cando se altera polas causas taxadas que a lei establece— o marco definido e pactado entre a Administración e o contratista, referencia obrigada para determina-los riscos e beneficios do concesionario. O equilibrio deberá restablecerse, tanto se se rompeu en prexuízo como a favor do concesionario, producindo uns efectos alén do que se considera desexable ou tolerable para a credibilidade da institución e para o interese público, sen que por iso se elimine o interese do concesionario.

Na liña anterior, un incremento da demanda da utilización da obra de carácter extraordinario, que fose alén das previsións do plan económico-financieiro concesional, debe fundamenta-los oportunos axustes para evitar que o usuario, ó que lle corresponde en última instancia o financiamento total ou parcial do investimento realizado e o pagamento da explotación da obra, soporte unha peaxe ou un canon desproporcionados, con quebranto manifesto da equidade. Para iso prevese, en virtude do disposto polo novo artigo 233.1.d) da Lei de contratos das administracións públicas, que o concesionario quede contractualmente comprometido, de acordo coa propia oferta, cun nivel mínimo e outro máximo de rendementos totais para cada concesión, de maneira que, se non se alcanzase o primeiro ou se pasase o segundo durante o período que en cada caso se determine, procederá a revisión do contrato. Na súa virtude, incorpóranse ó propio contrato os termos de revisión deste polas variacións que se produzan nos rendementos derivados da utilización da obra [artigo 248.2.c)]. Con isto asegúrase, á vez, a xusta retribución do esforzo e do risco empresariais e o sacrificio razoable do usuario da obra pública. En definitiva, esta interpretación do equilibrio económico do contrato constitúe unha das opcións capitais que inspiran a nova regulación da concesión de obras públicas, en sintonía coa natureza e a finalidade da institución e a ponderada distribución do risco.

As características configuradoras da institución concesional complétanse coa diversificación das fontes de financiamento, co fin de a facer máis atractiva para o capital privado, introducindo un réxime regulador chamado a evita-la conxelación do investimento que se realice. Así, a concesión, como ben xurídico, integrárase plenamente no tráfico mercantil desde o momento da perfección do contrato, e pode ser obxecto de cesión e hipoteca. Para, así mesmo, permiti-la diversificación do esforzo investidor, a lei facilita a apertura da sociedade conce-

sionaria ó mercado de capitais, non só, loxicamente, mediante os medios convencionais, isto é, o financiamento por entidades de crédito ou a emisión de obrigacións, bonos ou outros títulos semellantes, mesmo coa posibilidade de contar co aval público se os intereses xerais así o aconsellaran, senón a través da titulización dos dereitos de crédito vinculados á explotación da obra, titulización que se poderá referir, se é caso, ós que correspondan ás zonas complementarias da concesión de carácter comercial. A presenza do capital privado asegúrase mediante un sólido repertorio de garantías para os posibles acredores hipotecarios e posuidores de títulos.

III

A lei componse dun único artigo no que se modifica a Lei de contratos das administracións públicas para dar cabida á nova regulación do contrato de concesión de obras públicas, 12 disposicións adicionais, 1 disposición derogatoria e 5 disposicións derradeiras.

O artigo único comeza coa modificación do artigo 5.2.a) da Lei de contratos das administracións públicas para darlle entrada ó contrato de concesión de obras públicas na enumeración dos contratos típicos contida no dito artigo, que se complementa coa do artigo 7, referido ó réxime xurídico destes contratos, no que se define a orde de prelación de fontes acorde coas especialidades deste contrato.

O punto 3 dálle unha nova redacción á sección 2.^a do capítulo I do título I do libro II, introducindo a modalidade do financiamento dunha obra pública mediante unha concesión de dominio público. O novo artigo 130 acuña, polo tanto, unha figura nova de carácter mixto, en virtude da cal a contraprestación da Administración pola construción e mantemento, ou só polo mantemento, da obra consistiría no outorgamento dunha concesión de dominio público na zona de servizos ou na área de influencia en que se integra aquela. Non é unha concesión de obras públicas de acordo co disposto nesta lei, xa que se parte da premisa de que a obra non sexa susceptible de explotación económica, polo que se optou pola súa inclusión no título I do libro II da Lei de contratos das administracións públicas, relativo ó contrato de obras. Non obstante, incorpórase a esta lei atendendo á súa coincidente finalidade co contrato de concesión de obras públicas de contribuír ó financiamento destas sen recorrer necesariamente ó orzamento das distintas administracións públicas.

No punto 4 modifícase o artigo 157, alínea a), para homologa-la duración referida ós contratos que comprendan execución de obras e explotación de servizos cando sexa de mercado ou lonxa central maiorista de artigos alimenticios xestionados por sociedades de economía mixta municipal ó prazo máximo de duración dos contratos de concesión de obras públicas atendendo ás dificultades que afrontan este tipo de contratos para mante-lo equilibrio económico das súas explotacións.

No punto 5 contense a parte nuclear da lei, xa que introduce o novo título V no libro II, denominado «Do contrato de concesión de obras públicas». Este título componse de cinco capítulos: capítulo I. Disposicións xerais; capítulo II. Da construción das obras públicas obxecto de concesión; capítulo III. Dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas do órgano de contratación; capítulo IV. Financiamento privado; capítulo V. Extinción das concesións.

O capítulo I, «Disposicións xerais» (artigos 220 a 226) comeza coa definición do contrato de concesión de obras públicas de acordo co sinalado anteriormente (artigo 220), precisando a continuación o seu contido (artigo 221) e previndo a posibilidade de que a iniciativa da obra pública obxecto de concesión poida corresponder a un particular (artigo 222).

Dous preceptos deste capítulo revisten especial significación, como son o que se refire ás zonas complementarias de explotación comercial (artigo 223), espazo chamado a xogar en determinadas concesións un papel relevante, non só no que atinxe á súa funcionalidade senón tamén á repercusión da súa explotación no conxunto do plan económico-financieiro da propia concesión, e o que establece o marco de financiamento das obras públicas que se constrúan mediante un contrato de concesión (artigo 224). O artigo 225 establece, pola súa parte, o modelo de retribución do concesionario a través do aboamento, polo usuario da obra ou polas propias administracións concedentes, dun prezo ou un canon, así como as eventuais axudas públicas que poderá recibirlo concesionario, ó que corresponderá, en todo caso, asumirlo risco en función do investimento realizado.

Este capítulo I céntrase co artigo 226, no que se regula o posible financiamento, con cargo total ou parcial ás correspondentes tarifas de explotación, dunha obra pública diferenciada da que é obxecto de concesión pero coa que garda certa relación funcional.

O capítulo II, «Da construción das obras obxecto de concesión» (artigos 227 a 241), regula as actuacións previas para defini-la obra e o futuro contrato de concesión (artigos 227 a 234), partindo o proceso dun estudo de viabilidade ata culminar no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares no que se concretará o contido da concesión de que se trate. No capítulo regúlase a seguir o procedemento de selección do concesionario (artigo 235), velando sempre pola aplicación dos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, xa que o sistema se remite ó establecido na propia Lei de contratos das administracións públicas. O capítulo refírese, por último, á etapa de execución das obras (artigos 236 a 241), etapa que se desenvolve de maneira análoga á regulada para o contrato de obras, se ben respectando as peculiaridades da concesión, na que, loxicamente, as obras serán na maioría dos casos executadas por terceiros.

O capítulo III, «Dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas da Administración concedente» (artigos 242 a 252) constitúe un capítulo nuclear polo que se refire ó réxime xurídico da concesión. Os artigos 242 e 243 enumeran o repertorio de dereitos e obrigas do concesionario, optando a lei por somete-los actos de disposición da concesión por parte do titular ó control previo da Administración, co fin de asegura-la continuidade da explotación da obra. Polo que respecta ó uso e conservación da obra pública (artigo 244), e para a súa garantía, confírense ó concesionario, no marco das súas obrigas, determinadas facultades en materia de policía.

Este capítulo inclúe, así mesmo, a regulación do réxime económico-financieiro da concesión. O artigo 245 diferencia os distintos tipos de achegas públicas susceptibles de contribuír, segundo os casos, á construción da obra, así como as fases en que estas achegas se poden producir. Pola súa parte, o artigo 247 identifica as achegas, tamén públicas, que pode recibirlo concesionario na fase de explotación para garanti-la viabilidade económica da concesión. A retribución pola utilización da obra, que descansa no modelo tarifario, sen prexuízo de que as tarifas sexan aboadas, segundo conveña para o interese público e se determine nos pregos, polo usuario ou a Administración, total ou parcialmente, é obxecto de regulación no artigo 246, precepto que establece ademais os casos nos que procederá a revisión das tarifas.

O artigo 248 identifica os supostos en que se terá que restablece-lo equilibrio económico do contrato e prevé as medidas para iso, conciliando o interese do concesionario co interese público mediante a posibilidade,

segundo proceda, de acordar tanto a modificación das tarifas coma as condicións de explotación da obra, incluída a redución ou ampliación do prazo concesional, que non poderá superar en ningún caso o máximo previsto pola lei. En relación cos supostos nos que procederá o restablecemento do equilibrio económico o precepto determina o concepto de ruptura substancial da economía da concesión ó referila á rendibilidade esperada para esta.

Por último, este capítulo III regula as prerrogativas e mailos dereitos da Administración, que, ademais dos convencionais ou propios da concesión, inclúen o de impor con carácter temporal as condicións de utilización da obra para atender situacións excepcionais (artigo 249), a modificación da propia obra pública soporte da concesión (artigo 250), o secuestro desta, nos supostos e cos efectos previstos na norma (artigo 251), así como o sistema de penalidades por incumprimento por parte do concesionario das súas obrigas (artigo 252).

O capítulo IV, «Financiamento privado» (artigos 253 a 260) refírese ás modalidades de financiamento privado de que pode beneficiarse a concesión, regulando a emisión de obrigacións e outros títulos, así como a incorporación a títulos negociables dos dereitos de crédito do concesionario e a tutela dos dereitos dos tedores (artigos 253 e 254), a hipoteca da concesión (artigos 255 a 257), incluíndo os dereitos que asisten o acreedor hipotecario e mailo procedemento de execución da hipoteca (artigo 257) e os dereitos de titulares de cargas inscritas ou anotadas sobre a concesión para o caso de resolución concesional (artigo 258). O artigo 259 completa o sistema ó establece-la posibilidade de recorrer, como fonte de financiamento, ós créditos participativos fixando o seu réxime xurídico. Finalmente, o 260 regula a orde xurisdiccional competente para coñecer as cuestións litixiosas que se susciten por aplicación dos preceptos contidos neste capítulo.

O capítulo V, «Extinción das concesións» (artigos 261 a 266) regula os supostos de extinción da concesión, que terá lugar por cumprimento do prazo ou por resolución (artigo 261). Por unha parte, prevense os efectos da extinción da concesión por transcurso do prazo (artigo 262), a duración máxima do cal se establece no artigo 263 diferenciando as concesións de infraestructuras segundo se trate de concesións para a construción e explotación de obras públicas (40 anos) ou para a explotación destas (20 anos). As posibilidades de prórroga quedan limitadas a un máximo de 60 e 25 anos, respectivamente, en supostos excepcionais, previndo así mesmo a norma a prerrogativa da Administración para reduci-lo prazo da concesión nos supostos contidos na propia lei. Por outra parte, prevense as causas de resolución (artigo 264), engadindo ás que son propias do réxime xeral de contratación administrativa as peculiares ou propias da concesión. Os artigos 265 e 266 concretan a aplicación das causas de resolución e os seus efectos.

A lei inclúe, como se indicou, doce disposicións adicionais, outra derogatoria e varias disposicións derradeiras. En primeiro lugar, e a seguir da disposición sobre a planificación das obras públicas, as disposicións adicionais segunda e terceira conteñen as correspondentes precisións para asegurar en todo momento a cooperación mutua dos poderes públicos na materia e, sen prexuízo de aplica-los principios e modalidades regulados xa no noso ordenamento (título I da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común), traducen de maneira expresa na norma a doutrina das sentencias do Tribunal Constitucional, dictadas con ocasión da análise do alcance da competencia estatal sobre obras públicas concretas de interese xeral e a súa articulación co exercicio das demais competencias concorrentes.

O resto das disposicións adicionais refírense á avaliación do impacto ambiental das obras obxecto de concesión (disposición adicional cuarta), introducen o informe preceptivo e vinculante do Ministerio de Defensa nos supostos en que a construción das obras puidese incidir en zonas de protección afectadas á defensa nacional (disposición adicional quinta), establecen a declaración de utilidade pública das obras obxecto dun contrato de concesión (disposición adicional sexta), regulan o procedemento e a atribución de competencias en materia concesional (disposición adicional sétima), modifican determinados preceptos da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión (disposición adicional oitava) e encomendan ó Goberno a aprobación da regulamentación técnica para facilitar o cobro electrónico de peaxes polos concesionarios de autoestradas (disposición adicional novena). Por último, a lei introduce determinadas especialidades para acomoda-la normativa sectorial en materia de costas e obras públicas hidráulicas á nova lei (disposicións adicionais décima e décimo primeira), así mesmo para determina-lo alcance da lei en relación coas infraestruturas do sector enerxético (disposición adicional décimo segunda).

A disposición derogatoria única, ademais de introducir unha cláusula xeral de derogación, especifica os artigos da Lei de contratos das administracións públicas, da Lei de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión e os referidos a concesións da Lei xeral de obras públicas do 13 de abril de 1877 que quedan así mesmo derogados.

A disposición derradeira primeira concreta os títulos competenciais do Estado para dicta-la lei e o carácter dos distintos preceptos desta. Neste sentido, a maior parte do seu articulado cualifícase como lexislación básica estatal, dictada ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas recoñecida no artigo 149.1.18.^a da Constitución. Seguindo a xurisprudencia constitucional, efectuouse unha esmerada elaboración do que constitúe o común denominador normativo que asegure a existencia dunha mínima regulación uniforme en toda España, de acordo coas notas identificadoras desta figura xurídica expostas máis arriba.

O resto dos artigos, tal e como se desagregan na disposición derradeira, ben resultan aplicables unicamente ás concesións que outorgue o Estado, ou ben resulta de aplicación plena en virtude doutros títulos competenciais estatais concorrentes do artigo 149.1, tales como «Defensa e forzas armadas» (4.^a), «lexislación mercantil» (6.^a), «lexislación civil» (8.^a), «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica» (13.^a), «Facenda xeral e débeda do Estado» (14.^a) e «Obras públicas de interese xeral» (24.^a).

O resto de disposicións derradeiras sinalan o carácter básico das normas de desenvolvemento (disposición derradeira segunda) precisan os preceptos que serán de aplicación a tódalas concesións (disposición derradeira terceira), autorizan o Consello de Ministros para dicta-las disposicións necesarias en desenvolvemento da lei (disposición derradeira cuarta) e establecen a data de entrada en vigor da lei (disposición derradeira quinta).

Artigo único. *Modificación da Lei de contratos das administracións públicas, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

Un. Modifícase a alínea a) do punto 2 do artigo 5 da Lei de contratos das administracións públicas, que pasa a te-la seguinte redacción:

«a) Aqueles que teñan por obxecto directo, conxunta ou separadamente, a execución de obras,

a xestión de servizos públicos e a realización de subministracións, os de concesión de obras públicas, os de consultoría e asistencia ou de servizos, excepto os contratos comprendidos na categoría 6 do artigo 206 referente a contratos de seguros e bancarios e de investimentos, dos comprendidos na categoría 26 do mesmo artigo, os contratos que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos.»

Dous. Modifícase o artigo 7 da Lei de contratos das administracións públicas, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 7. *Réxime xurídico dos contratos administrativos.*

1. Os contratos administrativos, coa particularidade establecida no punto seguinte, rexeranse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Non obstante, os contratos administrativos especiais, que se definen no artigo 5.2, alínea b), rexeranse polas súas propias normas con carácter preferente.

2. O contrato de concesión de obras públicas rexerase, con carácter preferente ó disposto no punto anterior, polas disposicións contidas no título V do libro II desta lei, polas súas disposicións de desenvolvemento e pola lexislación sectorial específica en canto non se opoña ó dito título, sen prexuízo do establecido nos artigos 125 e 133 a 135 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

3. A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolve-las controversias que xurdan entre as partes nos contratos administrativos.»

Tres. Modifícase a denominación e mailo contido da sección 2.^a do capítulo I do título I do libro II da Lei de contratos das administracións públicas, que pasa a te-la seguinte redacción:

«SECCIÓN 2.^a FINANCIAMENTO DA OBRA PÚBLICA
MEDIANTE CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO

Artigo 130. *Réxime xurídico.*

O disposto nesta sección resultará exclusivamente aplicable ós supostos nos que unha obra pública, pola súa natureza e as súas características, non sexa susceptible de explotación económica e, polo tanto, obxecto do contrato de concesión de obras públicas regulado no título V deste libro.

Artigo 131. *Requisitos.*

Nos supostos ós que se refire o artigo precedente, a construción e conservación da obra pública, ou ben só a súa conservación, poderá ser obxecto do correspondente contrato de execución e mantemento, ou só de mantemento, de obra pública, podendo outorgar como contraprestación a Administración competente por razón da materia, conforme a súa lexislación demanial específica, unha concesión de dominio público na zona de servizos ou na área de influencia na que se integra a obra.

Artigo 132. *Prego de cláusulas administrativas particulares.*

No correspondente prego de cláusulas administrativas particulares determinarase o uso e mailo

destino así como as características da explotación previstos para os bens de dominio público obxecto da concesión.

Artigo 133. Criterios de selección.

Para seleccionalo contratista e concesionario o órgano de contratación valorará, conxuntamente, a oferta relacionada coa construción e mantemento da obra, ou sobre o seu proxecto, execución e mantemento, ou só sobre o seu mantemento, así como as obras ou actuacións que o licitador se propoña realizar sobre o dominio público e o réxime de explotación que prevexa para este.

Artigo 134. Réxime de utilización dos bens de dominio público.

Non se poderá outorgar unha concesión de dominio público a resultados do contrato regulado nesta sección contravindo o réxime de utilización dos bens de dominio público regulados nas leis específicas.»

Catro. Modifícanse os artigos 156 e 157 da Lei de contratos das administracións públicas nos seguintes termos:

1. A alínea a) do artigo 156 terá a seguinte redacción:

«a) Concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ó seu propio risco e ventura, sendo aplicable neste caso o previsto nos puntos 1 e 3 do artigo 232 desta lei.»

2. A alínea a) do artigo 157 terá a seguinte redacción:

«a) Cincuenta anos nos contratos que comprendan a execución de obras e a explotación de servizo público, salvo que este sexa de mercado ou lonxa central maiorista de artigos alimenticios xestionados por unha sociedade de economía mixta municipal, caso en que poderá ser ata 60 anos.»

Cinco. Engádesse un novo título V ó libro II da Lei de contratos das administracións públicas, co seguinte contido:

«TÍTULO V

Do contrato de concesión de obras públicas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 220. Contrato de concesión de obras públicas.

1. Enténdese por contrato de concesión de obras públicas aquel en virtude do cal a Administración pública ou entidade de dereito público concedente lle outorga a un concesionario, durante un prazo, a construción e explotación, ou soamente a explotación, de obras relacionadas no artigo 120 ou, en xeral, daquelas que, sendo susceptibles de explotación, sexan necesarias para a prestación de servizos públicos de natureza económica ou para o desenvolvemento de actividades ou servizos económicos de interese xeral, recoñecéndolle ó concesionario o dereito a percibir unha retribución consistente na explotación da propia obra, no dito dereito acompañado do de percibir un prezo ou en calquera outra modalidade establecida neste título.

2. A construción e a explotación das obras públicas obxecto de concesión efectuaranse a risco

e ventura do concesionario, quen asumirá os riscos económicos derivados da súa execución e explotación nos termos e co alcance establecidos por esta lei, o que será en todo caso compatible cos distintos sistemas de financiamento das obras que nela se regulan e coas achegas a que puidera obrigarse a Administración concedente.

3. A Administración concedente poderá establecer que o concesionario redacte o proxecto de construción das obras conforme as esixencias determinadas no correspondente estudo ou anteprojecto, nos termos sinalados no capítulo II. Neste suposto a aprobación do proxecto corresponderalle á Administración concedente e formará parte do contrato de concesión.

4. O sistema de financiamento da obra e de retribución do concesionario serán determinados pola Administración concedente con respecto ós obxectivos de estabilidade orzamentaria e atendendo a criterios de racionalización no investimento dos recursos económicos, á natureza das obras e á significación destas para o interese público.

5. O réxime do contrato de concesión de obras públicas previsto neste título será aplicable a todas as entidades de dereito público calquera que sexa o seu réxime xurídico de contratación e denominación.

Artigo 221. Contido do contrato de concesión de obras públicas.

1. O contrato de concesión de obras públicas comprenderá necesariamente durante todo o prazo de vixencia da concesión:

- a) A explotación das obras públicas conforme a súa propia natureza e finalidade.
- b) A conservación das obras.
- c) A adecuación, reforma e modernización das obras para adaptalas ás características técnicas e funcionais requiridas para a correcta prestación dos servizos ou a realización das actividades económicas ás que aquelas serven de soporte material.
- d) As actuacións de reposición e gran reparación que sexan esixibles en relación cos elementos que ten que reunir cada unha das obras para manterse apta co fin de que os servizos e actividades ós que aquelas serven poidan ser desenvolvidos adecuadamente de acordo coas esixencias económicas e as demandas sociais.

2. Cando o contrato teña por obxecto conxuntamente a construción e a explotación de obras públicas, os pregos xerais ou particulares que rexan a concesión poderán esixir que o concesionario estea igualmente obrigado a proxectar, executar, conservar, repoñer e reparar aquelas obras que sexan accesorias ou estean vinculadas coa principal e sexan necesarias para que esta cumpra a finalidade determinante da súa construción e que permitan o seu mellor funcionamento e explotación, así como a efectuar as actuacións ambientais relacionadas con aquelas que neles se prevexan.

No caso de que o contrato teña por único obxecto a explotación de obras xa construídas, o concesionario ficará así mesmo obrigado á conservación, reparación ou reposición das obras accesorias ou vinculadas á obra principal, se o prego de cláusulas administrativas particulares da concesión non dispón outra cosa.

3. No suposto de que estas obras vinculadas ou accesorias poidan ser obxecto de explotación ou aproveitamento económico, estes corresponderán ó concesionario conxuntamente coa explota-

ción da obra principal, na forma determinada polos pregos respectivos.

Artigo 222. *Contratos de concesión de obras públicas por instancia de particulares ou doutras administracións públicas.*

Con independencia da iniciativa da Administración competente para licitar posibles concesións, poderase iniciar o procedemento por instancia de persoas naturais ou xurídicas ou doutras administracións que se propoñan construír e explotar unha obra das reguladas nesta lei, sempre que o solicitante, ademais de cumpri-los requisitos xerais establecidos nela, xunte á súa petición o correspondente estudo de viabilidade previsto no artigo 227 co contido previsto no punto 2 do dito artigo. Esta solicitude iniciará o procedemento establecido no dito artigo.

Artigo 223. *Zonas complementarias de explotación comercial.*

1. Atendendo á súa finalidade, as obras públicas poderán incluír, ademais das superficies que sexan precisas segundo a súa natureza, outras zonas ou terreos para a execución de actividades complementarias, comerciais ou industriais que sexan necesarias ou convenientes pola utilidade que prestan ós usuarios das obras e que sexan susceptibles dun aproveitamento económico diferenciado, tales como establecementos de hostalería, estacións de servizo, zonas de ocio, estacionamentos, locais comerciais e outros susceptibles de explotación.

Estas actividades complementarias implantaranse de conformidade co establecido nos pregos xerais ou particulares que rexan a concesión e, se é o caso, co determinado na lexislación ou no planeamento urbanístico que resulte de aplicación.

As correspondentes zonas ou espazos quedarán suxeitos ó principio de unidade de xestión e control da Administración pública concedente e serán explotados conxuntamente coa obra polo concesionario directamente ou a través de terceiros nos termos establecidos no oportuno prego da concesión.

2. Os bens e instalacións incluídos na zona de actividades complementarias da obra concedida entregaránse ó órgano contratante ó remate da concesión na forma establecida nesta lei.

Artigo 224. *Financiamento das obras públicas construídas mediante contrato de concesión.*

1. As obras públicas obxecto de concesión serán financiadas, total ou parcialmente, polo concesionario, que, en todo caso, asumirá o risco en función do investimento realizado.

2. O concesionario poderá recorrer ó financiamento privado para facer fronte ás súas obrigas contractuais nos termos e condicións que se establecen nesta lei.

Ademais dos medios previstos no capítulo IV deste título poderá obter financiamento mediante a contratación de préstamos ou créditos con entidades de crédito de acordo co ordenamento xurídico vixente. Estes contratos deberán ser comunicados ó órgano de contratación no prazo dun mes desde a súa subscripción.

Así mesmo, o concesionario poderá recorrer a outros medios de financiamento privado coa previa autorización do órgano de contratación.

3. Cando existan razóns de rendibilidade económica ou social, ou concorran singulares esixencias derivadas do fin público ou interese xeral da

obra obxecto de concesión, a Administración poderá tamén achegar recursos públicos para o seu financiamento, que adoptará a forma de financiamento conxunto da obra, mediante achegas en diñeiro ou non metálicas, subvencións ou préstamos reintegrables, con ou sen xuro, ou préstamos participativos de acordo co establecido no artigo 236 e na sección 2.^a do capítulo III desta lei e de conformidade coas previsións do correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, debendo respectarse en todo caso o principio de asunción de risco polo concesionario.

4. A construción da obra pública obxecto de concesión poderá así mesmo ser financiada con achegas doutras administracións públicas distintas da concedente, nos termos que se conteñan no correspondente convenio, e co financiamento que poida provir doutros organismos nacionais ou internacionais.

Artigo 225. *Retribución do concesionario.*

O concesionario será retribuído directamente mediante o prezo que aboe o usuario ou a Administración pola utilización da obra, polos rendementos procedentes da explotación da zona comercial e, se é o caso, coas achegas da propia Administración de acordo co previsto nesta lei, debendo respectarse o principio de asunción de risco polo concesionario.

Artigo 226. *A concesión de obras públicas e a construción de obras públicas diferenciadas.*

1. Cando dúas ou máis obras públicas manteñan unha relación funcional entre elas, o contrato de concesión de obra pública non perde a súa natureza polo feito de que a utilización dunha parte das obras construídas non estea suxeita a remuneración sempre que esa parte sexa, así mesmo, competencia da Administración concedente e incida na explotación da concesión.

2. O correspondente prego de cláusulas administrativas particulares especificará con claridade os aspectos concernentes á obra obxecto de concesión, segundo se determina nesta lei, distinguindo, para estes efectos, a parte obxecto de remuneración daquela que non o é.

Os licitadores deberán presenta-lo correspondente plan económico-financieiro que recolla ambas partes das obras.

3. En todo caso, para a determinación das tarifas que se aplicarán pola utilización da obra obxecto de concesión terase en conta o importe total das obras realizadas.

CAPÍTULO II

Da construción das obras obxecto de concesión

SECCIÓN 1.^a ACTUACIÓNS PREVIAS

Artigo 227. *Estudio de viabilidade.*

1. Con carácter previo á decisión de construír e explotar en réxime de concesión unha obra pública, o órgano que corresponda da Administración concedente acordará a realización dun estudo de viabilidade dela.

2. O estudo de viabilidade deberá conter, polo menos, os datos, análises, informes ou estudos que procedan sobre os puntos seguintes:

a) Finalidade e xustificación da obra, así como definición das súas características esenciais.

b) Previsións sobre a demanda de uso e incidencia económica e social da obra na súa área de influencia e sobre a rendibilidade da concesión.

c) Valoración dos datos e informes existentes que fagan referencia ó planeamento sectorial, territorial ou urbanístico.

d) Estudo de impacto ambiental, cando este sexa preceptivo de acordo coa lexislación vixente. Nos restantes casos, unha análise ambiental das alternativas e as correspondentes medidas correctoras e protectoras necesarias.

e) Xustificación da solución elixida, indicando, entre as alternativas consideradas, se se trata de infraestruturas viarias ou lineais, as características do seu trazado.

f) Riscos operativos e tecnolóxicos na construción e explotación da obra.

g) Custo do investimento que se vai realizar, así como o sistema de financiamento proposto para a construción da obra coa xustificación, así mesmo, da procedencia deste.

3. A Administración concedente someterá o estudo de viabilidade a información pública polo prazo dun mes, prorrogable por idéntico prazo en razón da súa complexidade, e dará traslado del para informe ós órganos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das corporacións locais afectados cando a obra non figure no correspondente planeamento urbanístico que deberán emitilo no prazo dun mes.

4. O trámite de información pública previsto no punto anterior servirá tamén para formalizalo concernente ó estudo de impacto ambiental, nos casos nos que a declaración de impacto ambiental resulte preceptiva.

5. Admitirase a iniciativa privada na presentación de estudos de viabilidade de eventuais concesións. Presentado o estudo será elevado ó órgano competente para que no prazo de tres meses comunique ó particular a decisión de o tramitar ou non ou fixe un prazo maior para o seu estudo que, en ningún caso, será superior a seis meses. O silencio da Administración ou da entidade que corresponda equivalerá á non aceptación do estudo.

No suposto de o estudo de viabilidade culminar no outorgamento da correspondente concesión trala correspondente licitación, o seu autor terá dereito, sempre que non resultase adxudicatario e salvo que o estudo resultase insuficiente de acordo coa súa propia finalidade, ó resarcimento dos gastos efectuados para a súa elaboración, incrementados nun 10 por cento como compensación, gastos que se lle poderán impor ó concesionario como condición contractual no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares. O importe dos gastos será determinado pola Administración concedente en función dos que resulten acreditados por quen presentase o estudo, conformes coa natureza e contido deste e de acordo cos prezos de mercado.

6. A Administración concedente poderá acordar motivadamente a substitución do estudo de viabilidade a que se refiren os puntos anteriores por un estudo de viabilidade económico-financieira cando pola natureza e finalidade da obra ou pola contía do investimento requirido considere que este é suficiente. Nestes supostos a Administración elaborará ademais, antes de licita-la concesión, o correspondente anteproxecto ou proxecto para aseguralos trámites establecidos nos puntos 3 e 4 do artigo 228.

Artigo 228. *Anteproxecto de construción e explotación da obra.*

1. En función da complexidade da obra e do grao de definición das súas características, a Administración concedente, aprobado o estudio de viabilidade, poderá acorda-la redacción do correspondente anteproxecto. Este poderá incluír, de acordo coa natureza da obra, zonas complementarias de explotación comercial.

2. O anteproxecto de construción e explotación da obra deberá conter, como mínimo, a seguinte documentación:

a) Unha memoria na que se exporán as necesidades que se van satisfacer, os factores sociais, técnicos, económicos, ambientais e administrativos considerados para atende-lo obxectivo fixado e a xustificación da solución que se propón. A memoria irá acompañada dos datos e cálculos básicos correspondentes.

b) Os planos de situación xerais e de conxunto necesarios para a definición da obra.

c) Un orzamento que comprenda os gastos de execución da obra, incluído o custo das expropiacións que haxa que levar a cabo, partindo das correspondentes medicións aproximadas e valoracións.

d) Un estudio relativo ó réxime de utilización e explotación da obra, con indicación da súa forma de financiamento e do réxime tarifario que rexerá na concesión, incluíndo, se é o caso, a incidencia ou contribución nestas dos rendementos que puidesen corresponder á zona de explotación comercial.

3. O anteproxecto someterase a información pública polo prazo dun mes, prorrogable por idéntico prazo en razón da súa complexidade, para que poidan formularse cantas observacións se consideren oportunas sobre a localización e características da obra, así como calquera outra circunstancia referente á súa declaración de utilidade pública, e dará traslado deste para informe ós órganos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das corporacións locais afectados. Este trámite de información pública servirá tamén para cumprilo concernente ó estudo de impacto ambiental, nos casos nos que a declaración de impacto ambiental resulte preceptiva e non se efectuase este trámite anteriormente por tratarse dun suposto incluído no punto 6 do artigo anterior.

4. A Administración concedente aprobará o anteproxecto da obra, considerando as alegacións formuladas e incorporando as prescricións da declaración de impacto ambiental, e instará o recoñecemento concreto da utilidade pública desta para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

5. Cando o prego de cláusulas administrativas particulares o autorice, e nos termos que este estableza, os licitadores á concesión poderán introducir no anteproxecto as melloras que coiden convenientes.

Artigo 229. *Proxecto da obra e replanteo deste.*

1. No suposto de que as obras sexan definidas en tódalas súas características pola Administración concedente, procederase á redacción, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto, de acordo co disposto nos correspondentes artigos desta lei e co recoñecemento da utilidade pública da obra para os efectos previstos na lexislación de expropiación forzosa.

2. Cando non exista anteproxecto, a Administración concedente someterá o proxecto, antes da súa aprobación definitiva, á tramitación establecida nos puntos 3 e 4 do artigo 228 para os anteproxectos.

3. Será de aplicación no que se refire ás posibles melloras do proxecto da obra o disposto no punto 5 do artigo 228.

4. Nas concesións de conservación e explotación de obras públicas, os proxectos das obras que deba executar o concesionario axustaranse, así mesmo, polo que respecta á súa esixencia, contido, supervisión e replanteo, ó disposto para o contrato de obras nesta lei.

5. O concesionario responderá dos danos derivados dos defectos do proxecto cando, segundo os termos da concesión, lle corresponda a súa presentación ou introdución melloras no proposto pola Administración. A responsabilidade estenderase tamén ós danos debidos a defectos dos proxectos para a conservación e explotación da obra pública a que se refire o punto anterior.

Artigo 230. Pregos de cláusulas administrativas particulares.

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos de concesión de obras públicas deberán facer referencia, polo menos, ós seguintes aspectos e a aqueles que se conteñen no artigo 232.1 desta lei:

a) Definición do obxecto do contrato, con referencia ó anteproxecto ou proxecto de que se trate e mención expresa dos documentos deste que revistan carácter contractual. Se é o caso, determinación da zona complementaria de explotación comercial.

b) Procedemento e forma de adxudicación do contrato, criterios para a selección do adxudicatario e identificación do órgano adxudicador.

c) Requisitos de capacidade e solvencia financeira, económica e técnica que sexan esixibles ós licitadores. Para estes efectos, no suposto en que liciten persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ó grupo, sempre e cando aquelas acrediten que teñen efectivamente a libre e plena dispoñibilidade dos medios necesarios das sociedades do grupo para a execución do contrato.

d) Contido das proposicións, que deberá incluí-lo previsto no artigo 233 desta lei.

e) Sistema de retribución do concesionario, no que se incluírán as opcións posibles sobre as que deberá versa-la oferta, así como, se é o caso, as fórmulas de revisión de prezos durante a execución das obras e de actualización de custos durante a súa explotación, todo isto con referencia obrigada á súa repercusión nas correspondentes tarifas en función do obxecto da concesión.

f) O limiar mínimo de beneficios derivados da explotación da zona comercial por debaixo do cal non se poderá incidir nos elementos económicos da concesión.

g) Beneficios económico-financeiros e tributarios que se poden recoñecer por razón do obxecto do contrato de concesión de obras públicas, así como as eventuais achegas inmobiliarias ou doutra natureza que puidese realiza-la Administración ou entidade concedente ou outras administracións públicas.

h) Contía e forma das garantías provisionais e definitivas.

i) Características especiais, se é o caso, da sociedade concesionaria.

j) Prazo, se é o caso, para a elaboración do proxecto, prazo para a execución das obras e prazo de explotación delas, que poderá ser fixo ou variable en función dos criterios establecidos no prego.

k) Dereitos e obrigas específicas das partes durante a fase de execución das obras e durante a súa explotación.

l) Réxime de penalidades e supostos que poidan dar lugar ó secuestro da concesión.

m) Expresa submisión ó disposto nesta lei.

n) Lugar, data e prazo para a presentación de ofertas.

2. O órgano de contratación poderá incluír no prego, en función da natureza e complexidade deste, un prazo para que os licitadores poidan solicitar as aclaracións que estimen pertinentes sobre o seu contido. As respostas terán carácter vinculante e deberán facerse públicas en termos que garantan a igualdade e a concorrència no proceso de licitación.

Artigo 231. Convocatoria da licitación.

1. O órgano de contratación, con carácter previo á convocatoria de licitación, comprobará que se cumpriron tódolos trámites preparatorios e aprobará o correspondente expediente de contratación, que levará implícita a do prego de cláusulas administrativas particulares. Na mesma resolución acordase a apertura do procedemento de adxudicación mediante a convocatoria da licitación do contrato.

2. A convocatoria deberá ser publicada segundo o correspondente modelo de anuncio oficialmente aprobado e de acordo coas normas de publicidade dos contratos de obras, coa especialidade de que no procedemento restrinxido o prazo para a presentación de candidaturas non poderá ser inferior a 52 días desde a data do envío do anuncio.

3. Con independencia da información que figure no anuncio de convocatoria, o órgano de contratación porá á disposición dos interesados, para a súa consulta, a información complementaria, que versará polo menos sobre os seguintes aspectos:

a) A obra pública obxecto do contrato, concretando as súas características e o seu réxime de explotación.

b) Procedemento e forma de adxudicación do contrato e os criterios de selección do concesionario.

c) Relación de documentos que deberá facilita-lo órgano de contratación na fase de licitación. Esta documentación incluírá o estudio de viabilidade ou, se é o caso, o estudio de viabilidade económico-financeira, o proxecto ou o anteproxecto das obras e o prego de cláusulas administrativas particulares ó que deberá suxeitarse a concesión, con especificación, se estiver prevista, da zona complementaria de explotación comercial e o seu obxecto.

d) Os requisitos que deberán reuni-los licitadores, así como os posibles socios que integren no futuro a sociedade concesionaria que se constituirá. Os posibles cesionarios da concesión deberán cumprir as condicións específicas establecidas nos pregos en función do grao de desenvolvemento do negocio concesional no momento en que se produza a dita cesión.

e) Os extremos que debe comprende-la proposición e os documentos que a deberán acompañar.

f) O réxime de garantías esixido.

g) Forma, lugar e prazo de presentación das candidaturas, que non poderá ser inferior a 52 días desde a data do envío do anuncio á Oficina de Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas cando a publicación no Diario Oficial das Comunidades Europeas resulte preceptiva.

4. No procedemento aberto o órgano de contratación facilitaralles ós interesados que o soliciten o prego de cláusulas administrativas particulares a que se refire o artigo anterior. No procedemento restrinxido ou negociado este prego facilitaráselles ós candidatos seleccionados.

Artigo 232. Requisitos esixidos ós licitadores.

1. Poderán ser licitadores os que reúnan os requisitos de capacidade e solvencia económica, financeira e técnica, de conformidade co disposto nos artigos 15, 16 e 19 desta lei e non estean incurso nos supostos de prohibición para contratar previstos no seu artigo 20. O prego de cláusulas administrativas concretará os medios para acreditar a solvencia técnica, económica e financeira, de acordo coa natureza e obxecto da concesión.

2. Para participar na licitación será necesario constituír unha garantía provisional na contía que estableza o prego de cláusulas administrativas particulares que non poderá ser inferior ó 2 por cento do orzamento estimado do investimento.

3. Os que concorran individual ou conxuntamente con outros á licitación dunha concesión de obras públicas, poderano facer co compromiso de constituír unha sociedade que será a titular da concesión. A constitución e, se é o caso, a forma da sociedade deberán axustarse ó que estableza, para determinados tipos de concesións, a correspondente lexislación específica.

Artigo 233. Contido das proposicións

1. As proposicións dos licitadores deberán versar sobre os extremos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares, que serán cando menos os seguintes cando se trate de concesións de construción e explotación de obra pública:

a) Relación de promotores da futura sociedade concesionaria, no suposto de que estiver prevista a súa constitución, e características desta tanto xurídicas coma financeiras.

b) Plan de realización das obras con indicación das datas previstas para o seu inicio, terminación e apertura para o uso ó que se destinen.

c) Prazo de duración da concesión.

d) Plan económico-financeiro da concesión, que incluíra, entre os aspectos que lle son propios, o sistema de tarifas, o investimento e os custos de explotación e obrigas de pagamento e gastos financeiros, directos ou indirectos, estimados. Deberá ser obxecto de consideración específica a incidencia nas tarifas, así como nas previsións de amortización, no prazo concesional e noutras variables da concesión previstas no prego, se é o caso, dos rendementos da demanda de utilización da obra e, cando exista, dos beneficios derivados da explotación da zona comercial, cando non alcancen ou cando superen os niveis mínimo e máximo, respectivamente, que se consideren na oferta. En calquera caso, se os rendementos da zona comercial non superan o limiar mínimo fixado no prego de cláusulas administrativas, os ditos rendementos non se poderán considerar para os efectos da revisión dos elementos sinalados anteriormente.

e) Nos casos de financiamento mixto da obra, proposta da porcentaxe de financiamento con car-

go a recursos públicos, por debaixo dos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

f) O compromiso de que a sociedade concesionaria adoptará o modelo de contabilidade que estableza o prego, de conformidade coa normativa aplicable, incluído o que puidese corresponder á xestión das zonas complementarias de explotación comercial, sen prexuízo de que os rendementos destas se integren para tódolos efectos nos da concesión.

2. Nos contratos que teñan por finalidade a concesión de explotación da obra pública xa construída, o contido das proposicións adaptarase polo prego de cláusulas administrativas particulares ó obxecto específico daquela.

3. Nos termos e co alcance que se fixe no prego, os licitadores poderán introduci-las melloras que consideren convenientes, e que se poderán referir a características estruturais da obra, ó seu réxime de explotación, ás medidas tendentes a evita-los danos ó ambiente e os recursos naturais, ou a melloras substanciais, pero non á súa localización.

Artigo 234. Empresas vinculadas e réxime das proposicións.

1. Enténdese por empresas vinculadas aquelas nas que o concesionario poida exercer, directa ou indirectamente, unha influencia dominante ou aquelas que a poidan exercer sobre el ou que, do mesmo modo có concesionario, estean sometidas á influencia dominante doutra empresa por razón de propiedade, participación financeira ou normas que a regulen.

2. Presumirase que existe influencia dominante cando unha empresa, directa ou indirectamente, con relación a outra:

a) Estea en posesión da maioría do capital suscrito.

b) Dispoña da maioría dos votos inherentes ás participacións emitidas pola empresa.

c) Poida designar máis da metade dos membros do órgano de administración, dirección ou control da empresa.

3. As empresas que presenten ofertas para a concesión e que estean nas circunstancias expresadas anteriormente deberanlles xuntar a aquelas unha lista exhaustiva das empresas vinculadas.

4. A presentación de proposicións diferentes por empresas vinculadas suporá a exclusión do procedemento de adxudicación, para tódolos efectos, das ofertas formuladas. Non obstante, se sobreviñese a vinculación antes de que conclúa o prazo de presentación de ofertas, ou do prazo de presentación de candidaturas no procedemento restrinxido, poderá subsistir a oferta que determinen de común acordo as citadas empresas.

SECCIÓN 2.^a ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Artigo 235. Procedementos e formas de adxudicación.

1. A adxudicación das concesións poderase levar a cabo por procedemento aberto ou restrinxido, sempre mediante concurso, ou por procedemento negociado de acordo co previsto nesta lei.

2. Para o exame e valoración das proposicións dos licitadores, o órgano de contratación estará asistido por unha mesa nos supostos e coa composición e competencias que establece esta lei.

3. A adxudicación e maila formalización do contrato efectuaranse nos prazos que o prego de

cláusulas administrativas particulares estableza. Estes prazos non poderán exceder de seis meses, ampliábelos motivadamente por un prazo non superior a tres, para a adxudicación, e de tres meses para a formalización.

SECCIÓN 3.^a EXECUCIÓN DAS OBRAS

Artigo 236. *Modalidades de execución das obras.*

1. As obras realizaranse conforme o proxecto aprobado polo órgano de contratación e nos prazos establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, e poderán ser executadas con axuda da Administración. A execución da obra que corresponda ó concesionario poderá ser contratada en todo ou en parte con terceiros, de acordo co disposto nesta lei e no prego de cláusulas administrativas particulares.

2. A axuda da Administración na construción da obra poderá consistir na execución pola súa conta de parte dela ou no seu financiamento parcial. No primeiro suposto a parte de obra que execute deberá presentar características propias que permitan o seu tratamento diferenciado, e deberá ser obxecto ó seu remate da correspondente recepción formal. Se non dispuxer outra cosa o prego de cláusulas administrativas particulares, o importe da obra aboaráse de acordo co establecido no artigo 145 desta lei. No segundo suposto, o importe do financiamento que se outorgue poderase aboar nos termos pactados, durante a execución das obras, de acordo co establecido no artigo 145 desta lei, ou ben unha vez que aquelas conclúsen, na forma en que se especifica no artigo 245 desta lei.

3. Cando o concesionario vaia executar a obra, tanto directamente como contratándoa en todo ou en parte, indicarllo ó órgano de contratación, e achegará tanta documentación e precisións lle sexan requiridas por este. Corresponderalle ó órgano de contratación o control da execución da obra nos termos que se establezan no correspondente prego de prescricións técnicas.

Artigo 237. *Execución das obras por terceiros.*

1. No contrato de concesión de obras públicas, a Administración poderalle impor ó concesionario que subcontrate con terceiros unha porcentaxe dos contratos de obras obxecto da concesión que represente, polo menos, un 30 por cento do valor total das ditas obras, debendo preverse que os licitadores a poidan incrementar facendo consta-la súa cifra no contrato. Alternativamente, poderán convidar a estes para que sinalen nas súas ofertas a porcentaxe mínima que vaian subcontratar con terceiros.

2. O concesionario deberá somete-los contratos que celebre cun terceiro ás normas de publicidade establecidas no artigo 135.2, agás cando medie calquera das circunstancias seguintes:

a) Que o prezo do contrato sexa inferior a 6.242.028 euros, equivalentes a 5.000.000 de dereitos especiais de xiro, con exclusión do imposto sobre o valor engadido.

b) Que o procedemento utilizado para a súa adxudicación sexa o negociado sen publicidade.

Para efectos do establecido no parágrafo anterior, non se considerarán terceiros aquelas empresas que se agrupasen para obter a concesión, nin as empresas vinculadas a elas. O concesionario deberá actualizala lista das empresas que reúnan tal condición conforme as modificacións que se

vaian producindo nas relacións entre as empresas afectadas.

3. Será igualmente de aplicación á subcontratación da execución das obras polo concesionario o disposto nos artigos 137, 140 e 141 desta lei debendo acomodarse ó modelo de anuncio previsto regulamentariamente.

4. Nos contratos celebrados polos concesionarios, que non sexan a Administración, no procedemento restrinxido, o prazo de recepción das solicitudes de participación non será inferior a trinta e sete días e o de recepción de ofertas de corenta días, a partir da data do envío do anuncio ou da invitación a presentar unha oferta, respectivamente.

5. Cando o concesionario sexa algunha Administración pública, esta deberase acomodar integramente ó disposto nesta lei para aquelas obras que deban ser executadas por terceiros.

Artigo 238. *Responsabilidade na execución das obras por terceiros.*

1. Correspóndelle ó concesionario o control da execución das obras que contrate con terceiros, e tal control deberase axustar ó plan que o concesionario elabore e resulte aprobado polo órgano de contratación. Este poderá en calquera momento solicitar información sobre a marcha das obras e realizar a estas as visitas de inspección que coide oportunas.

2. O concesionario será responsable ante o órgano de contratación das consecuencias derivadas da execución ou resolución dos contratos que celebre con terceiros e responsable así mesmo único fronte a estes das mesmas consecuencias.

Artigo 239. *Principio de risco e ventura na execución das obras.*

1. As obras construíranse a risco e ventura do concesionario, de acordo co disposto nos artigos 98 e 144 desta lei, salvo para aquela parte da obra que puidese ser executada por conta da Administración, segundo o previsto no punto 2 do artigo 236, caso en que rexerá o réxime xeral previsto para o contrato de obras.

2. Cando o concesionario se atrasase na execución da obra, xa sexa no cumprimento dos prazos parciais ou do prazo total, e o atraso fose debido a forza maior ou a causa imputable á Administración concedente, aquel terá dereito a unha prórroga no prazo de execución da obra e correlativa e acumulativamente no prazo de concesión, a cal será, polo menos, igual ó atraso habido, a non ser que pedise unha menor. Se o concesionario fose responsable do atraso aplicarase o disposto no réxime de penalidades contido no prego de cláusulas administrativas particulares e nesta lei, sen que o atraso poida supoñer a ampliación do prazo da concesión.

3. Se a concorrencia de forza maior implicase maiores custos para o concesionario a pesar da prórroga que se lle conceda, procederase a axustalo plan económico-financieiro. Se a forza maior impedise por completo a realización das obras procederase a resolverlo contrato, e o órgano de contratación deberalle aboar ó concesionario o importe total das executadas, así como os maiores custos nos que incorrese como consecuencia do endebedamento con terceiros.

Artigo 240. *Modificación do proxecto.*

1. Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no proxecto por razón de interese público,

sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente. O plan económico-financieiro da concesión deberá recoller en todo caso, mediante os oportunos axustes, os efectos derivados do incremento ou diminución dos custos.

2. O concesionario poderá solicitar a resolución do contrato cando o órgano de contratación imponha modificacións na fase de execución que incrementen ou diminúan a obra nunha porcentaxe superior ó 20 por cento do importe total das obras inicialmente previsto ou representen unha alteración substancial do proxecto inicial.

Artigo 241. *Terminación das obras.*

1. Ó remate das obras procederase ó levantamento dunha acta de comprobación por parte da Administración concedente. A acta de recepción formal levantarase ó termo da concesión cando se proceda á entrega de bens e instalacións ó órgano de contratación. O levantamento e mailo contido da acta de comprobación axustaranse ó disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e os da acta de recepción, ó establecido no artigo 147 desta lei.

2. Á acta de comprobación xuntaráse un documento de valoración da obra pública executada e, se é o caso, unha declaración do cumprimento das condicións impostas na declaración de impacto ambiental, que será expedido polo órgano de contratación e no que se fará constar o investimento realizado.

3. Nas obras financiadas parcialmente pola Administración concedente, mediante aboamentos parciais ó concesionario con base nas certificacións mensuais da obra executada, a certificación final da obra acompañará ó documento de valoración e á acta de comprobación a que se refire o punto anterior.

4. A aprobación da acta de comprobación das obras polo órgano da Administración concedente levará implícita a autorización para a súa apertura ó uso público, e comezará desde ese momento o prazo de garantía da obra cando fose executada por terceiros distintos do concesionario, así como a fase de explotación.

CAPÍTULO III

Dereitos e obrigas do concesionario e prerrogativas da Administración concedente

SECCIÓN 1.^a DEREITOS E OBRIGAS DO CONCESIONARIO

Artigo 242. *Dereitos do concesionario.*

Os concesionarios terán os seguintes dereitos:

a) O dereito a explora-la obra pública e a percibi-la retribución económica prevista no contrato durante o tempo da concesión.

b) O dereito ó mantemento do equilibrio económico da concesión, na forma e coa extensión prevista no artigo 248 desta lei.

c) O dereito a utiliza-los bens de dominio público da Administración concedente necesarios para a construción, modificación, conservación e explotación da obra pública. Este dereito incluírá o de utilizar, exclusivamente para a construción da obra, as augas que afloren ou os materiais que aparezan durante a súa execución, logo de autorización da Administración competente, en cada caso, para a xestión do dominio público correspondente.

d) O dereito a solicitar da Administración a tramitación dos procedementos de expropiación forzosa, imposición de servidumes e desafuzamento administrativo que resulten necesarios para a construción, modificación e explotación da obra pública, así como a realización de cantas accións sexan necesarias para facer viable o exercicio dos dereitos do concesionario.

Os bens e dereitos expropiados que queden afectos á concesión incorporaranse ó dominio público.

e) O dereito a cede-la concesión de acordo co previsto no artigo 114 desta lei e a hipotecar estas condicións establecidas nesta lei, logo de autorización administrativa, en ámbolos casos, do órgano de contratación.

f) O dereito a titula-los seus dereitos de crédito, nos termos previstos no artigo 254 desta lei.

g) Calquera outro que lle sexa recoñecido por esta ou outras leis ou polos pregos de condicións.

Artigo 243. *Obrigas do concesionario.*

Serán obrigas xerais do concesionario:

a) Executa-las obras de acordo co disposto no contrato.

b) Explora-la obra pública, asumindo o risco económico da súa xestión coa continuidade e nos termos establecidos no contrato ou ordenados posteriormente polo órgano de contratación.

c) Admítela utilización da obra pública por todo usuario, nas condicións que fosen establecidas, de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, mediante o aboamento, se é o caso, da correspondente tarifa.

d) Coidar da boa orde e da calidade da obra pública, e do seu uso, podendo dicta-las oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía que correspondan ó órgano de contratación.

e) Indemniza-los danos que se ocasionen a terceiros por causa da execución das obras ou da súa explotación, cando lle sexan imputables de acordo co artigo 97 desta lei.

f) Protexe-lo dominio público que quede vinculado á concesión, en especial, preservando os seus valores ecolóxicos e ambientais.

g) Calquera outra prevista nesta ou noutra lei ou no prego de cláusulas administrativas particulares.

Artigo 244. *Uso e conservación da obra pública.*

1. O concesionario deberá coidar da adecuada aplicación das normas sobre uso, policía e conservación da obra pública.

2. O persoal encargado da explotación da obra pública, en ausencia de axentes da autoridade, poderá adopta-las medidas necesarias para a utilización da obra pública, formulando, se é o caso, as denuncias pertinentes. Para estes efectos, servirán de medio de proba as obtidas polo persoal do concesionario debidamente acreditado e cos medios previamente homologados pola Administración competente, así como calquera outro admitido en dereito.

3. O concesionario poderá impedi-lo uso da obra pública a aqueles usuarios que non aboen a tarifa correspondente, sen prexuízo do que, a este respecto, se estableza na lexislación sectorial correspondente.

4. O concesionario deberá mante-la obra pública de conformidade co que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a norma-

tiva técnica, ambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras e de seguridade dos usuarios que resulte de aplicación.

5. A Administración poderá incluír nos pregos de condicións mecanismos para medi-la calidade do servizo ofrecida polo concesionario, e outorgar vantaxes ou penalizacións económicas a este en función deles.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO
DA CONCESIÓN

Artigo 245. *Achegas públicas á construción da obra.*

1. As administracións públicas poderán contribuír ó financiamento da obra mediante achegas que serán realizadas durante a fase de execución das obras, tal como dispón o artigo 236 desta lei, unha vez concluídas estas ou ó remate da concesión; o seu importe será fixado nos pregos de condicións correspondentes ou polos licitadores nas súas ofertas cando así se estableza nos ditos pregos. Nos dous últimos supostos, resultará de aplicación a normativa sobre contratos de obra baixo a modalidade de aboamento total, salvo na posibilidade de fraccionalo aboamento.

2. As achegas públicas a que se refire o punto anterior poderán consistir en achegas non metálicas do órgano de contratación ou de calquera outra Administración coa que exista convenio para o efecto, de acordo coa valoración delas que se conteña no prego de cláusulas administrativas particulares.

Os bens inmobles que se entreguen ó concesionario integraranse no patrimonio afecto á concesión, destinándose ó uso previsto no proxecto da obra, e reverterán á Administración no momento da súa extinción, debendo respectarse, en todo caso, o disposto nos plans de ordenación urbanística ou sectorial que lles afecten.

Artigo 246. *Retribución pola utilización da obra.*

1. O concesionario terá dereito a percibir unha retribución pola utilización da obra na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares e de conformidade co establecido neste artigo.

2. As tarifas que aboen os usuarios pola utilización das obras públicas serán fixadas polo órgano de contratación no acordo de adxudicación. As tarifas terán o carácter de máximas e os concesionarios poderán aplicar tarifas inferiores cando así o consideren conveniente.

3. As tarifas serán obxecto de revisión de acordo co procedemento que determine o prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co artigo 233.1.d) desta lei, o plan económico-financiero da concesión establecerá a incidencia nas tarifas dos rendementos da demanda de utilización da obra e, cando exista, dos beneficios derivados da explotación da zona comercial, cando non alcancen ou cando superen, respectivamente, os niveis mínimo e máximo que se consideren na oferta.

4. A retribución pola utilización da obra poderá ser aboada pola Administración tendo en conta a súa utilización e na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

5. O concesionario retribuirase igualmente cos ingresos procedentes da explotación da zona comercial vinculada á concesión, no caso de existir

esta, segundo o establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

6. O concesionario deberá separar contablemente os ingresos provenientes das achegas públicas e aqueles procedentes das tarifas aboadas polos usuarios da obra e, se é o caso, os procedentes da explotación da zona comercial.

Artigo 247. *Achegas públicas á explotación da obra.*

As administracións públicas poderanlle outorgar ó concesionario as seguintes achegas co fin de garanti-la viabilidade económica da explotación da obra:

a) Subvencións ó prezo, anticipos reintegrables, préstamos participativos, subordinados ou doutra natureza, aprobados polo órgano de contratación para seren achegados desde o inicio da explotación da obra, ou no transcurso dela cando se prevexa que vaian resultar necesarios para garanti-la viabilidade económico-financiera da concesión. A devolución dos préstamos e o pagamento dos xuros devengados se é o caso por eles axustaranse ós termos previstos na concesión.

b) Axudas nos casos excepcionais en que, por razóns de interese público, resulte aconsellable a promoción da utilización da obra pública antes de que a súa explotación alcance o limiar mínimo de rendibilidade.

SECCIÓN 3.^a EQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO

Artigo 248. *Mantemento do equilibrio económico do contrato.*

1. O contrato de concesión de obras públicas deberá mante-lo seu equilibrio económico nos termos que foron considerados para a súa adxudicación, tendo en conta o interese xeral e o interese do concesionario, de conformidade co disposto no punto seguinte.

2. A Administración deberá restablece-lo equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as condicións de explotación da obra.

b) Cando causas de forza maior ou actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión. Para estes efectos, entenderase por causa de forza maior as enumeradas no artigo 144 desta lei.

c) Cando se produzan os supostos que se establezan no propio contrato para a súa revisión, de acordo co previsto nos artigos 230.1.e) e 233.1.d) desta lei.

3. Nos supostos previstos no punto anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas establecidas pola utilización da obra, a ampliación ou redución do prazo concesional, dentro dos límites fixados no artigo 263, e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. No suposto de forza maior previsto no punto 2.b), a Administración concedente asegurará os rendementos mínimos acordados no contrato sempre que aquela non impidise por completo a realización das obras ou a continuidade da súa explotación.

SECCIÓN 4.^a PRERROGATIVAS E DEREITOS
DA ADMINISTRACIÓN

Artigo 249. *Prerrogativas e dereitos da Administración.*

1. Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e cos efectos sinalados nesta lei, o órgano de contratación ou, se é o caso, o órgano que se determine na lexislación específica, terá as seguintes prerrogativas e dereitos:

- a) Interpreta-los contratos e resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- b) Modifica-los contratos por razóns de interese público debidamente xustificadas.
- c) Restablece-lo equilibrio económico da concesión a favor do interese público, na forma e coa extensión prevista no artigo 248 desta lei.
- d) Acorda-la resolución dos contratos nos casos e nas condicións que se establecen nos artigos 264 e 265 desta lei.
- e) Establecer, se é o caso, as tarifas máximas pola utilización da obra pública.
- f) Vixiar e controla-lo cumprimento das obrigas do concesionario; para este efecto poderá inspecciona-lo servizo, as súas obras, instalacións e locais, así como a documentación, relacionados co obxecto da concesión.
- g) Asumi-la explotación da obra pública nos supostos en que se produza o secuestro da concesión.
- h) Imporlle ó concesionario as penalidades pertinentes por razón dos incumprimentos en que incorra.
- i) Exerce-las funcións de policía no uso e explotación da obra pública nos termos que se establezan na lexislación sectorial específica.
- j) Impor con carácter temporal as condicións de utilización da obra pública que sexan necesarias para solucionar situacións excepcionais de interese xeral, aboando a indemnización que, se é o caso, proceda.
- k) Calquera outro dereito recoñecido nesta ou noutras leis.

2. O exercicio das prerrogativas administrativas previstas neste artigo axustarase ó disposto nesta lei e na lexislación específica que resulte de aplicación.

En particular, será preceptivo o dictame do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva nos casos de interpretación, modificación, nulidade e resolución, cando se formule oposición por parte do concesionario, nas modificacións acordadas na fase de execución das obras que poidan dar lugar á resolución do contrato de acordo co artigo 240.2 desta lei e naqueles supostos previstos na lexislación específica.

Artigo 250. *Modificación da obra pública.*

1. O órgano de contratación poderá acordar, cando o interese público o esixa, a modificación ou a ampliación da obra pública, así como a realización de obras complementarias directamente relacionadas co obxecto da concesión durante a vixencia desta, procedéndose, se é o caso, á revisión do plan económico-financieiro co obxecto de acomodar ás novas circunstancias.

2. Toda modificación que afecte o equilibrio económico da concesión rexerese polo disposto no artigo 248 desta lei.

3. As modificacións que, polas súas características físicas e económicas, permitan a súa explo-

tación independente serán obxecto de nova licitación para a súa construción e explotación.

Artigo 251. *Secuestro da concesión.*

1. O órgano de contratación, logo de audiencia do concesionario, poderá acorda-lo secuestro da concesión nos casos en que o concesionario non poida facer fronte, temporalmente e con grave dano social, á explotación da obra pública por causas alleas a el ou incorrese nun incumprimento grave das súas obrigas que puxese en perigo esta explotación. O acordo do órgano de contratación será notificado ó concesionario e se este, dentro do prazo que se lle fixase, non corríxise a deficiencia executárase o secuestro. Así mesmo, poderase acorda-lo secuestro nos demais casos recollidos nesta lei cos efectos previstos nela.

2. Efectuado o secuestro, corresponderalle ó órgano de contratación a explotación directa da obra pública e a percepción da contraprestación establecida, podendo utiliza-lo mesmo persoal e material do concesionario. O órgano de contratación designará un ou varios interventores que substituirán plena ou parcialmente o persoal directivo da empresa concesionaria. A explotación da obra pública obxecto de secuestro efectuarase por conta e risco do concesionario, a quen se devolverá, ó finalizar aquel, co saldo que resulte despois de satisfacer tódolos gastos, incluídos os honorarios dos interventores, e deducir, se é o caso, a contía das penalidades impostas.

3. O secuestro terá carácter temporal e a súa duración será a que determine o órgano de contratación sen que poida exceder, incluídas as posibles prórrogas, de tres anos. O órgano de contratación acordará de oficio ou a pedimento do concesionario o cesamento do secuestro cando resulte acreditada a desaparición das causas que o motivaron e o concesionario xustifique estar en condicións de prosegui-la normal explotación da obra pública. Transcorrido o prazo fixado para o secuestro sen que o concesionario garantise a asunción completa das súas obrigas, o órgano de contratación resolverá o contrato de concesión.

Artigo 252. *Penalidades por incumprimentos do concesionario.*

1. Os pregos de cláusulas administrativas particulares establecerán un catálogo de incumprimentos das obrigas do concesionario, distinguindo entre os de carácter leve e grave. Deberanse considerar penalizables o incumprimento total ou parcial polo concesionario das prohibicións establecidas nesta lei, a omisión de actuacións que fosen obrigatorias conforme a ela e, en particular, o incumprimento dos prazos para a execución das obras, a negligencia no cumprimento dos seus deberes de uso, policía e conservación da obra pública, a interrupción inxustificada total ou parcial da súa utilización, e o cobro ó usuario de cantidades superiores ás legalmente autorizadas.

2. O órgano de contratación poderá impoñer penalidades de carácter económico, que se establecerán nos pregos de forma proporcional ó tipo de incumprimento e á importancia económica da explotación. O límite máximo das penalidades que se impoñerá non poderá exceder do 10 por cento do orzamento total da obra durante a súa fase de construción. Se a concesión estiver en fase de explotación, o límite máximo das penalidades anuais non poderá exceder do 20 por cento dos ingresos obtidos pola explotación da obra pública durante o ano anterior.

3. Os incumprimentos graves darán lugar, ademais, á resolución da concesión nos casos previstos no correspondente prego.

4. Ademais dos supostos previstos nesta lei, nos pregos estableceranse os incumprimentos graves que poden dar lugar ó secuestro temporal da concesión, con independencia das penalidades que en cada caso procedan por razón do incumprimento.

5. Durante a fase de execución da obra o réxime de penalidades que se lle imporá ó concesionario será o establecido no artigo 95 desta lei.

6. Con independencia do réxime de penalidades previsto no prego, a Administración poderalle tamén impor ó concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas, sempre que fose requirido previamente e non as cumprise no prazo fixado. Na falta de determinación pola lexislación específica, o importe diario da multa será de 3.000 euros.

CAPÍTULO IV

Financiamento privado

SECCIÓN 1.^a EMISIÓN DE TÍTULOS POLO CONCESIONARIO

Artigo 253. *Emisión de obrigacións e outros títulos.*

1. O concesionario poderá apelar ó crédito no mercado de capitais, tanto exterior coma interior, mediante a emisión de toda clase de obrigacións, bonos ou outros títulos semellantes admitidos en dereito.

2. Sen prexuízo do previsto nos demais preceptos deste capítulo, non se poderán emitir títulos dos que o prazo de reembolso total ou parcial finalice nunha data posterior ó termo da concesión.

3. As emisións de obrigacións poderán contar co aval do Estado e dos seus organismos públicos, que se outorgará de acordo coas prescricións da normativa orzamentaria. A concesión do aval por parte das comunidades autónomas, das entidades locais, dos seus organismos públicos respectivos e dos demais suxeitos sometidos a esta lei outorgarase conforme o que estableza a súa normativa específica.

4. A emisión das obrigacións, bonos ou outros títulos referidos deberá ser comunicada ó órgano de contratación no prazo máximo dun mes desde a data en que cada emisión se realice.

5. As emisións de valores reguladas neste artigo e no seguinte resultarán de aplicación o disposto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

6. Se a emisión foi obxecto de rexistro ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores e o risco financeiro correspondente ós valores foi avaliado positivamente por unha entidade cualificadora recoñecida pola dita entidade supervisora, non será de aplicación o límite do importe previsto no artigo 282.1 da Lei de sociedades anónimas e no parágrafo segundo do artigo 1 da Lei 211/1964, do 24 de decembro, sobre regulación da emisión de obrigacións por sociedades que non adoptasen a forma de anónimas, asociacións ou outras persoas xurídicas e a constitución do sindicato de obrigueiros.

Artigo 254. *Incorporación a títulos negociables dos dereitos de crédito do concesionario.*

1. Poderanse emitir valores que representen unha participación nun ou varios dos dereitos de

crédito a favor do concesionario consistentes no dereito ó cobro das tarifas, os ingresos que poida obter pola explotación dos elementos comerciais relacionados coa concesión, así como os que correspondan ás achegas que, se é o caso, deba realiza-la Administración. A cesión destes dereitos formalizarase en escritura pública que, no suposto de cesión das achegas que efectuará a Administración, se deberá notificar ó órgano contratante e isto sen prexuízo do disposto no parágrafo quinto deste punto.

Os valores negociables anteriormente referidos representaranse en títulos ou en anotacións en conta, poderán realizarse unha ou varias emisións e poderán afectar dereitos de crédito previstos para un ou varios exercicios económicos distintos.

Tanto as participacións como directamente os dereitos de crédito a que se refire o primeiro parágrafo deste punto poderán incorporarse a fondos de titulización de activos, que se rexerán pola normativa específica que lles corresponda.

Da subscripción e tenza destes valores que non estea limitada a investidores institucionais ou profesionais, deixarase nota marxinal na inscrición rexistral da concesión correspondente. Así mesmo, as características das emisións deberán constar nas memorias anuais das sociedades que as realicen.

A emisión destes valores requirirá autorización administrativa previa do órgano de contratación, e o seu outorgamento só poderá denegarse cando o bo fin da concesión ou outra razón de interese público relevante o xustifiquen.

2. Os créditos incorporados a valores dos recollidos no punto precedente terán o carácter de separables en caso de quebra do concesionario e os posuidores dos valores ocuparán o mesmo lugar na prelación có acredor hipotecario con respecto ós créditos incorporados.

3. Sempre que designen previamente unha persoa física ou xurídica que actúe como representante único ante a Administración para os sós efectos previstos neste punto, os tedores de valores a que se refire o punto 1 deste artigo poderán exercer-las facultades que se lle atribúen ó acredor hipotecario no artigo 256. Se, ademais, as operacións a que o dito punto 1 se refire previsen expresamente a satisfacción dos dereitos dos tedores antes do transcurso do prazo concesional, estes poderán exercer-las facultades a que se refire o punto 3 do citado artigo 256 a partir do vencemento dos títulos.

4. Cando se produza causa de resolución da concesión imputable ó concesionario sen que os acredores obtivesen o reembolso correspondente ós seus títulos, a Administración concedente poderá optar por algunha das seguintes actuacións:

a) Salvo que as causas de extinción fosen as previstas no artigo 264.b), coa excepción da suspensión de pagamentos, acorda-lo secuestro da concesión conforme o previsto no artigo 251 desta lei para os sós efectos de satisfacer-las dereitos dos acredores sen que o concesionario poida percibir ningún ingreso.

b) Resolve-la concesión, acordando co representante dos acredores a contía da débeda e as condicións en que deberá ser amortizada. Na falta de acordo, a Administración quedará liberada coa posta á disposición dos acredores da menor das seguintes cantidades:

O importe da indemnización que lle correspondese ó concesionario por aplicación do previsto no artigo 266 desta lei.

A diferenza entre o valor nominal da emisión e as cantidades percibidas ata o momento de resolución da concesión tanto en concepto de xuros como de amortizacións parciais.

5. Se se producise causa de resolución non imputable ó concesionario e os acredores non se satisfixesen integramente dos seus dereitos, a Administración poderá optar por actuar conforme o previsto na alínea a) do punto anterior ou ben por resolve-la concesión acordando co representante dos acredores a contía da débeda e as condicións en que deberá ser amortizada. Na falta de acordo, a Administración quedará liberada coa posta á disposición da diferenza entre o valor nominal do seu investimento e as cantidades percibidas ata o momento de resolución da concesión tanto en concepto de xuros como de amortizacións parciais.

6. Quedará sempre a salvo a facultade de acordar-la licitación dunha nova concesión unha vez resolta a anterior.

7. As solicitudes referentes ás autorizacións administrativas previstas neste artigo serán resoltas polo órgano competente no prazo dun mes, e deberán entender desestimadas se non resolverse e notificase nese prazo.

SECCIÓN 2.^a HIPOTECA DA CONCESIÓN

Artigo 255. *Obxecto da hipoteca da concesión.*

1. As concesións de obras públicas cos bens e dereitos que leven incorporados serán hipotecables conforme o disposto na lexislación hipotecaria, logo de autorización do órgano de contratación.

Non se admitirá a hipoteca de concesións de obras públicas en garantía de débedas que non garden relación coa concesión correspondente.

2. As solicitudes referentes ás autorizacións administrativas previstas neste artigo e no seguinte serán resoltas polo órgano competente no prazo dun mes, e deberán entender desestimadas se non resolve e notifica nese prazo.

Artigo 256. *Dereitos do acredor hipotecario.*

1. Cando o valor da concesión hipotecada sufriese grave deterioración por causa imputable ó concesionario, o acredor hipotecario poderá solicitar do órgano de contratación pronunciamiento sobre a existencia efectiva da dita deterioración. Se esta se confirmase poderá, así mesmo, solicitar da Administración que, logo de audiencia do concesionario, lle ordene a este facer ou non face-lo que proceda para evitar ou remedia-lo dano, sen prexuízo do posible exercicio da acción de devastación prevista no artigo 117 da Lei hipotecaria. Non obstante, no caso de exercerse a acción administrativa prevista neste punto, entenderase que o acredor hipotecario renuncia á acción prevista no citado artigo 117 da Lei hipotecaria.

2. Cando procedese a resolución da concesión por incumprimento dalgunha das obrigas do concesionario, a Administración, antes de resolver, dará audiencia ó acredor hipotecario por se este ofrece subrogarse no seu cumprimento e a Administración considerase compatible tal ofrecemento co bo fin da concesión.

3. Se a obriga garantida non fose satisfeita total ou parcialmente no momento do seu vencemento, antes de promover-lo procedemento de execución correspondente, o acredor hipotecario poderá exer-

ce-las seguintes facultades sempre que así se previse na correspondente escritura de constitución de hipoteca:

a) Solicitar da Administración concedente que, logo de audiencia do concesionario, dispoña que se asigne á amortización da débeda unha parte da recadación e das cantidades que, se é o caso, a Administración tivese que facer efectivas ó concesionario. Para tal efecto, poderase, por conta e risco do acredor, designar un interventor que comprobe os ingresos así obtidos e se faga cargo da parte que se sinalase, a cal non poderá exceder da porcentaxe ou contía que previamente se determine.

b) Se existisen bens aptos para iso, solicitar da Administración concedente que, logo de audiencia ó concesionario, lle outorgue a explotación durante un determinado período de tempo de todas ou de parte das zonas complementarias de explotación comercial. No caso de que estas zonas estivesen sendo explotadas por un terceiro en virtude dunha relación xurídico-privada co concesionario, a medida recollida por este punto deberalle ser notificada ó dito terceiro coa indicación de que queda obrigado a efectuar ó acredor hipotecario os pagamentos que deba facer ó concesionario.

Artigo 257. *Execución da hipoteca.*

1. O adxudicatario no procedemento de execución hipotecaria quedará subrogado na posición do concesionario, logo de autorización administrativa, nos termos que se establecen no punto seguinte.

2. Todo o que desexe participar no procedemento de execución hipotecaria en calidade de ofertante ou eventual adxudicatario, incluso o propio acredor hipotecario se a lexislación sectorial non o impide, deberallo comunicar ó órgano de contratación para obter-la oportuna autorización administrativa, que deberá notificarse ó interesado no prazo máximo de 15 días, e sen a cal non será admitido no procedemento. A autorización terá carácter regrado e outorgarase sempre que o petionario cumpra os requisitos esixidos ó concesionario. De ter finalizado a fase de construción ou esta non formar parte do obxecto da concesión, só se esixirán os requisitos necesarios para levar a cabo a explotación da obra.

3. Se a poxa quedase deserta ou ningún interesado fose autorizado polo órgano de contratación para participar no procedemento de execución hipotecaria, a Administración concedente poderá optar por algunha das seguintes actuacións no suposto de que o acredor hipotecario autorizado, se é o caso, para ser concesionario non opte polo exercicio do dereito que lle atribúe o artigo 671 da Lei de axuízamento civil:

a) Acorda-lo secuestro da concesión conforme o previsto no artigo 251 desta lei sen que o concesionario poida percibir ningún ingreso. Daráselle trámite de audiencia ó acredor hipotecario para ofrecerlle a posibilidade de propor un novo concesionario. Se a proposta non se producise ou o candidato proposto non cumprise os requisitos esixibles conforme o establecido no punto anterior, procederase á licitación da mesma concesión no menor prazo posible.

b) Resolve-la concesión e, logo de acordo cos acredores hipotecarios, fixa-la contía da débeda e mailas condicións en que deberá ser amortizada. Na falta de acordo, a Administración quedará libe-

rada coa posta á disposición dos acredores do importe da indemnización que corresponda ó concesionario por aplicación do previsto no artigo 266 desta lei.

Artigo 258. Dereitos de titulares de cargas inscritas ou anotadas sobre a concesión para o caso de resolución concesional.

1. Cando proceda a resolución da concesión e existan titulares de dereitos ou cargas inscritos ou anotados no Rexistro da propiedade sobre a concesión, observaranse as seguintes regras:

a) A Administración, comezado o procedemento, deberá solicitar para a súa incorporación ó expediente certificación do Rexistro da propiedade, co obxecto de que poidan ser oídos tódolos titulares de tales cargas e dereitos.

b) O rexistrador, no momento de expedir a certificación a que se refire o parágrafo anterior, deberá redactar nota á marxe da inscrición da concesión sobre a iniciación do procedemento de resolución.

c) Para cancela-los asentos practicados a favor dos titulares das citadas cargas e dereitos, deberá mediar resolución administrativa firme que declare a resolución da concesión e o previo depósito á disposición dos referidos titulares das cantidades e eventuais indemnizacións que a Administración deba aboar ó concesionario conforme o previsto no artigo 266.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, para o caso de a poxa quedar deserta, cando a resolución da concesión proceda por causa imputable ó concesionario, os titulares dos dereitos e cargas a que se refire o punto precedente poderán exercer, pola súa orde, o dereito de subrogarse na posición xurídica do concesionario, sempre que, por reuniren os requisitos necesarios para iso, fosen autorizados previamente polo órgano de contratación.

SECCIÓN 3.^a OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO

Artigo 259. Créditos participativos.

1. Admítense os créditos participativos para o financiamento da construción e explotación, ou só a explotación, das obras públicas obxecto de concesión. Nestes supostos a participación do prestamista producirase sobre os ingresos do concesionario.

2. O concesionario poderá amortizar anticipadamente o capital prestado nas condicións pactadas.

3. Excepcionalmente, as administracións públicas poderán contribuír ó financiamento da obra mediante o outorgamento de créditos participativos. En tales casos, e salvo estipulación expresa en contrario, o concesionario non poderá amortizar anticipadamente o capital prestado, a non ser que a amortización anticipada implique o aboamento polo concesionario do valor actual neto dos beneficios futuros esperados segundo o plan económico-financieiro revisado e aprobado polo órgano competente da Administración no momento da devolución do capital.

4. A obtención destes créditos deberáselle comunicar ó órgano de contratación no prazo máximo dun mes desde a data en que cada un fose concedido.

SECCIÓN 4.^a ORDE XURISDICCIONAL

Artigo 260. Orde xurisdiccional competente.

O coñecemento das cuestións litixiosas que se susciten por aplicación dos preceptos contidos neste capítulo será competencia da orde xurisdiccional civil, salvo para as actuacións en exercicio das obrigas e potestades administrativas que, de acordo co disposto nos ditos preceptos, se atribúen á Administración concedente, e nas que será competente a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

CAPÍTULO V

Extinción das concesións

Artigo 261. Modos de extinción.

1. As concesións de obra pública extinguiranse por cumprimento ou por resolución.

2. Extinguida a concesión reverterá á Administración a obra pública concedida, as zonas complementarias anexas e os bens e instalacións incluídos nas zonas de explotación comercial se as houber, nos termos regulados nos artigos seguintes.

Artigo 262. Extinción da concesión por transcurso do prazo.

1. A concesión entenderase extinguida por cumprimento cando transcorra o prazo inicialmente establecido ou, se é o caso, o resultante das prórrogas ou reducións que se acordasen.

2. O concesionario quedará obrigado a facer entrega á Administración concedente, en bo estado de conservación e uso, das obras incluídas na concesión, así como dos bens e instalacións necesarios para a súa explotación de acordo co establecido no contrato, todo o cal quedará reflectido na acta de recepción.

3. Os bens e instalacións incluídos na zona de explotación comercial, se a houber, entregaranse, igualmente, á Administración concedente nas mesmas condicións e coas mesmas formalidades previstas no punto anterior.

4. Quedarán igualmente extinguidos tódolos contratos vinculados á concesión e á explotación das súas zonas comerciais.

Artigo 263. Prazo das concesións.

1. As concesións de construción e explotación de obras públicas outorgaranse polo prazo que se acorde no prego de cláusulas administrativas particulares, que non poderá exceder de 40 anos.

2. As concesións de explotación de obras públicas outorgaranse polo prazo que se acorde no prego de cláusulas administrativas particulares tendo en conta a natureza da obra e o investimento que se vaia realizar, debéndose xustificar expresamente o establecemento dun prazo superior a 15 anos, sen que poida exceder, en calquera caso, de 20.

3. Os prazos fixados nos pregos de condicións poderán ser prorrogados de forma expresa ata o límite establecido respectivamente nos puntos anteriores e reducidos de acordo co previsto nesta lei.

4. Os prazos fixados nos pregos de condicións poderán ser prorrogados potestativamente, alén dos límites establecidos, ata os 60 e 25 anos, respectivamente, para restablece-lo equilibrio económico do contrato ou, excepcionalmente, para satisfacer os dereitos dos acredores no caso en que os dereitos de crédito do concesionario fosen obxecto de titulización.

Artigo 264. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de concesión de obras públicas as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do concesionario individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade concesionaria.
- b) A declaración de quebra, de suspensión de pagamentos, de concurso de acredores ou de insolvente falido en calquera procedemento ou o acordo de quitación e espera.
- c) A execución hipotecaria declarada deserta ou a imposibilidade de inicia-lo procedemento de execución hipotecaria por falta de interesados autorizados para iso nos casos en que así procedese, de acordo co establecido nesta lei.
- d) O mutuo acordo entre o concedente e o concesionario.
- e) O secuestro da concesión por un prazo superior ó establecido como máximo sen que o contratista garantise a asunción completa das súas obrigas.
- f) A demora superior a seis meses por parte do órgano de contratación na entrega ó concesionario da contraprestación, dos terreos ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- g) O rescate da explotación da obra pública polo órgano de contratación. Entenderase por rescate a declaración unilateral do órgano contratante, discrecionalmente adoptada, pola que dá por terminada a concesión, non obstante a boa xestión do seu titular.
- h) A supresión da explotación da obra pública por razóns de interese público.
- i) A imposibilidade da explotación da obra pública como consecuencia de acordos adoptados pola Administración concedente con posterioridade ó contrato.
- j) O abandono, a renuncia unilateral, así como o incumprimento polo concesionario das súas obrigas contractuais esenciais.
- k) Calquera outra causa expresamente recollida nesta ou outra lei ou no contrato.

Artigo 265. *Aplicación das causas de resolución.*

1. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do concesionario, mediante o procedemento que resulte de aplicación de acordo coa lexislación de contratos.
2. As causas de resolución previstas nas alíneas b) —salvo a suspensión de pagamentos—, e), g), h) e i) do artigo anterior orixinarán sempre a resolución do contrato. Nos restantes casos de resolución do contrato o dereito para exercela será potestativo para aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a aquela.
3. Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual, a Administración poderá acorda-la continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores, sempre que estes cumplan ou se comprometan a cumprir, no prazo que se estableza para o efecto, os requisitos esixidos ó concesionario inicial.
4. A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar se a concesión non se encontra sometida a secuestro acordado por infracción grave do concesionario e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a continuación do contrato.
5. Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade concesionaria, será necesaria

a autorización administrativa previa para que a entidade absorbente ou resultante da fusión poida continuar coa concesión e quedar subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes daquela.

6. Nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas, só poderá continua-lo contrato coa entidade resultante ou beneficiaria no caso en que así sexa expresamente autorizado polo órgano de contratación considerando os requisitos establecidos para a adxudicación da concesión en función do grao de desenvolvemento do negocio concesional no momento de se produciren estas circunstancias.

Artigo 266. *Efectos da resolución.*

1. Nos supostos de resolución, o órgano de contratación aboalle ó concesionario o importe dos investimentos realizados por razón da expropiación de terreos, execución de obras de construción e adquisición de bens que sexan necesarios para a explotación da concesión. Para o efecto, terase en conta o seu grao de amortización en función do tempo que quede para o termo da concesión e o establecido no plan económico-financieiro. A cantidade resultante fixarase dentro do prazo de seis meses, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares. Se o concesionario contou entre os seus recursos con financiamento de terceiros, só se lle aboará o sobranse despois de resolve-las obrigas contraídas con aqueles.

2. No suposto da alínea f) do artigo 264, o concesionario poderá optar pola resolución do contrato, cos efectos establecidos no punto seguinte, ou por esixi-lo aboamento do xuro legal das cantidades debidas ou os valores económicos convindos, a partir do vencemento do prazo previsto para o cumprimento da contraprestación ou entrega dos bens pactados.

3. Nos supostos das alíneas g), h) e i) do artigo 264, e sen prexuízo do disposto no punto 1 deste artigo, a Administración concedente indemnizará o concesionario polos danos e perdas que se lle irroguen. Para determina-la contía da indemnización teranse en conta os beneficios futuros que o concesionario deixará de percibir, atendendo ós resultados de explotación no último quinquenio cando resulte posible, e á perda do valor das obras e instalacións que non teñan que ser entregadas a aquela, considerando o seu grao de amortización.

4. Cando o contrato se resolva por causa imputable ó concesionario, seralle incautada a fianza e deberá, ademais, indemniza-lo órgano de contratación dos danos e perdas ocasionados no que exceda do importe da garantía incautada.

5. O órgano de contratación poderá acordar tamén, como consecuencia da resolución da concesión, a resolución dos contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias de explotación comercial, aboando a indemnización que, se é o caso, corresponda. Esta indemnización será aboada con cargo ó concesionario cando a resolución se producise como consecuencia de causa imputable a este. Cando non se acorde a resolución dos citados contratos, os titulares dos dereitos de aproveitamento seguiranos a exercer, quedando obrigados fronte ó órgano de contratación nos mesmos termos en que o estiveran fronte ó concesionario, agás que se chegase, de mutuo acordo, á revisión do correspondente contrato.

6. Cando o contrato se resolva por mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ó validamente estipulado entre elas.»

Disposición adicional primeira. Planificación.

As administracións públicas poderán aprobar plans sectoriais de obras ou outros tipos de plans establecidos legalmente que inclúan as obras que se van realizar, que serán preceptivos cando así o esixa a lexislación xeral ou a específica reguladora de cada clase de obras. Neste suposto, os plans poderán incluí-las obras susceptibles de ser obxecto do contrato de concesión.

Disposición adicional segunda. Colaboración e coordinación entre administracións públicas.

1. A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades locais teñen os deberes de recíproca información e de colaboración e cooperación mutuas no exercicio da súas actuacións de planificación e construción de obras públicas, segundo o establecido polo ordenamento vixente.

Se os procedementos de colaboración resultasen ineficaces, e cando se xustifique pola incidencia directa e significativa sobre a actividade económica xeral, o Estado, no exercicio da súa competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, poderá coordina-los plans de obras públicas competencia das comunidades autónomas cos plans de obras públicas de interese xeral.

2. A Administración do Estado deberá colaborar coas administracións das comunidades autónomas e coas entidades locais a través dos mecanismos de coordinación e cooperación legalmente establecidos, co fin de articula-la planificación e construción das obras públicas de interese xeral cos plans de ordenación territorial e urbanística.

En defecto de acordo entre as administracións públicas, e sen prexuízo do previsto na lexislación ambiental, os plans e proxectos de obras públicas de competencia do Estado prevalecerán sobre calquera instrumento de planificación ou ordenación territorial ou urbanística no que se refire ás competencias estatais exclusivas, caso en que as comunidades autónomas e as corporacións locais deberán incorporar necesariamente nos seus respectivos instrumentos de ordenación as rectificacións imprescindibles para acomoda-las súas determinacións a aqueles.

3. Os plans ou instrumentos xerais de ordenación territorial ou urbanística cualificarán os espazos territoriais necesarios para as diferentes obras públicas de interese xeral do Estado como sistemas xerais e serán clasificados de conformidade coa súa natureza, sen prexuízo do disposto no artigo 9.1.^a da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

4. A Administración xeral do Estado, no exercicio das súas competencias, emitirá informe na instrución dos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de planificación territorial e urbanística que poidan afecta-lo exercicio das competencias estatais. Estes informes terán carácter vinculante, no que se refire á preservación das competencias do Estado, e serán evacuados, tras, se é o caso, os intentos que procedan de encontrar unha solución negociada, no prazo máximo de dous meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable e poderá continuarse coa tramitación do procedemento de aprobación, salvo que afecte o dominio ou o servizo públicos de titularidade estatal. Na falta de solicitude do preceptivo informe, así como no suposto de desconformidade emitida polo órgano competente por razón da materia ou nos casos de silencio citados nos que non opera a presunción do carácter favorable do informe, non se poderá aproba-lo correspondente instrumento de planificación territorial ou urbanística naquilo que afecte as competencias estatais.

Disposición adicional terceira. Construción das obras públicas de interese xeral.

1. Os proxectos de obras públicas de interese xeral remitiranse á Administración urbanística competente, co obxecto de que informe sobre a adaptación dos ditos proxectos ó planeamento urbanístico que resulte de aplicación. Este informe emitirase no prazo dun mes, pasado o cal se entenderá emitido en sentido favorable.

2. No suposto de que tales obras se vaian construír sobre terreos non reservados polo planeamento urbanístico, e sempre que non sexa posible resolve-las eventuais discrepancias mediante acordo, de conformidade coa normativa de aplicación, a decisión estatal respecto á execución do proxecto prevalecerá sobre o planeamento urbanístico, o contido do cal deberá acomodarse ás determinacións daquela.

3. A construción, modificación e ampliación das obras públicas de interese xeral non estarán sometidas a licencia ou a calquera outro acto de control preventivo municipal, sempre que se siga o previsto no punto 1 desta disposición.

4. Non procederá a suspensión da execución das obras públicas de interese xeral polos órganos urbanísticos cando estas se realicen en cumprimento dos plans e proxectos de obras aprobados polos órganos competentes polo procedemento establecido ou se trate de obras de emerxencia.

Disposición adicional cuarta. Avaliación do impacto ambiental.

As obras públicas que se constrúan mediante contrato de concesión someteranse ó procedemento de avaliación de impacto ambiental nos casos establecidos na lexislación ambiental.

Disposición adicional quinta. Informe do Ministerio de Defensa.

Con carácter previo á aprobación dos estudos de viabilidade previstos para os contratos de concesión de obras públicas e que incidan sobre zonas declaradas de interese para a defensa nacional ou ben sobre terreos, edificacións e instalacións, incluídas as súas zonas de seguridade, vinculados ós fins da defensa nacional, deberá solicitarse informe do Ministerio de Defensa respecto desta incidencia. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de dous meses, entendéndose desfavorable, se non fose emitido, no que afecta a defensa nacional.

Disposición adicional sexta. Declaración de utilidade pública.

1. A declaración de utilidade pública das obras obxecto dun contrato de concesión de obra pública axustarase ó disposto na correspondente lexislación específica. A aprobación do proxecto das obras e o conseguinte acordo de adxudicación do contrato de concesión comportarán a necesidade da ocupación dos bens e adquisición de dereitos necesarios para a súa execución ós fins da expropiación forzosa e ocupación temporal dos bens e dereitos afectados, respecto dos cales o concesionario asumirá os dereitos e obrigas do beneficiario.

2. No ámbito da Administración xeral do Estado o recoñecemento da utilidade pública de cada obra concreta corresponderalle ó titular do departamento competente por razón da materia.

Disposición adicional sétima. *Procedemento e competencias nas concesións de obras públicas de competencia estatal.*

1. Nos supostos previstos nos artigos 130 a 134 e 226, ou cando no financiamento dun contrato se prevea calquera forma de axuda ou achega estatal, ou na modificación dos referidos contratos, a aprobación polo órgano de contratación do expediente de contratación prevista no artigo 231.1 requirirá o previo informe do Ministerio de Facenda.

2. As competencias que no título V do libro II da Lei de contratos das administracións públicas se lle recoñecen ó órgano de contratación entenderanse atribuídas sempre ó titular do departamento se, con anterioridade á súa entrada en vigor, correspondían ó Consello de Ministros en virtude do disposto nunha norma de carácter sectorial. Isto non obstante, as resolucións que o ministro adopte como consecuencia da asunción destas novas competencias esixirán a autorización previa do Consello de Ministros.

Disposición adicional oitava. *Modificación da Lei de autoestradas.*

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, que quedarán redactados tal como se indica:

Un. O artigo 2 pasa a te-la seguinte redacción:

«As concesións ás que fai referencia o artigo anterior rexeranse polo previsto para o contrato de concesión de obras públicas na Lei de contratos das administracións públicas nos termos previstos no seu artigo 7, e polo previsto nesta lei.»

Dous. O artigo 23 pasa a te-la seguinte redacción:

«1. Tanto na fase de construción como na de explotación, a Administración poderalle impor penalidades ó concesionario polo incumprimento das súas obrigas contractuais e sempre que sexa por causa imputable a este último. Sen prexuízo de que tales obrigas se detallen con maior precisión no correspondente prego de cláusulas xerais, poderase considerar penalizable o incumprimento total ou parcial das prohibicións establecidas nesta lei, a omisión de actuacións que fosen obrigatorias conforme a ela e, especialmente, a inobservancia das previsións contidas tanto nesta lei coma no seu desenvolvemento regulamentario en materia de limitacións do obxecto social das sociedades concesionarias. Así mesmo, será penalizable o incumprimento de prazos, a negligencia na conservación dos elementos integrantes da autoestrada, as deficiencias na súa sinalización e balizamento, a interrupción inxustificada total ou parcial do tráfico, o cobramento ó usuario de cantidades superiores ás legalmente autorizadas, así como calquera outro incumprimento de obrigas contidas nos pregos ou impostas por resolución de autoridade administrativa competente.

2. O límite máximo das penalidades que se imporán non poderá exceder do 10 por cento do orzamento total da obra durante a súa fase de construción. Se a concesión estiver en fase de explotación, o límite máximo das penalidades anuais non poderá exceder do 20 por cento dos ingresos obtidos pola explotación da autoestrada durante o ano anterior.

3. Con independencia do réxime de penalidades previsto no prego, a Administración poderalle

tamén impor ó concesionario multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas, sempre que fose requirido previamente e non as cumprise no prazo fixado. O importe diario da multa será de 6.000 euros.»

Tres. O artigo 36 pasa a te-la seguinte redacción:

«1. O delegado do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe é o órgano coordinador, executivo e de relación da Administración xeral do Estado coas citadas sociedades, e correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Coordina-las actuacións que acorde a Administración en relación cos contratos de concesión, podendo demandar para o efecto dos órganos competentes cantos informes ou datos considere convenientes.

b) Vixiar e controla-lo cumprimento polo concesionario das súas obrigas durante a fase de explotación da concesión e velar polo cumprimento do correspondente plan económico-financeiro.

c) Recibir, tramitar e resolver, cando proceda, os escritos que dirixan os concesionarios á Administración e informa-lo órgano de contratación das incidencias que xurdan no desenvolvemento do contrato.

d) Calquera outra que teña atribuída en virtude dunha norma legal ou regulamentaria ou que lle recoñeza o prego de cláusulas ou o correspondente acordo de adxudicación da concesión.

2. No exercicio das súas funcións correspóndenlle ó delegado do Goberno as seguintes competencias:

a) Emiti-los informes que lle sexan requiridos polo órgano de contratación e expedi-las certificacións que corresponda.

b) Propo-la aprobación das tarifas de peaxes e as súas revisións e autoriza-los sistemas de aboamentos e bonificacións.

c) Proporlle ó órgano de contratación os acordos que procedan en aplicación do réxime xurídico aplicable ós títulos negociables dos dereitos de cobramento do concesionario e en materia de hipoteca das concesións.

d) Formula-las propostas que procedan sobre o secuestro e reversión da concesión ou sobre a resolución do contrato.

e) Acordar, logo de audiencia do concesionario, a imposición das penalidades e multas coercitivas previstas na lei e no correspondente prego de cláusulas administrativas.

f) Fixa-las condicións de utilización da autoestrada con carácter temporal de acordo co disposto no artigo 29 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, na redacción dada a este polo Real decreto lei 11/2001, do 22 de xuño.

g) Aproba-los contratos que o concesionario realice con terceiros para a explotación das áreas de servizo, así como os que se refiran á prestación daqueles servizos necesarios para a explotación da propia autoestrada.

h) Solicita-los datos e a información que considere necesarios das sociedades concesionarias, comproba-los seus libros de contas e acorda-la inspección de instalacións e servizos, podendo asistir, con voz e sen voto, ás reunións do seu consello de administración.

3. O delegado do Goberno poderá exercer por delegación do órgano de contratación calquera das competencias deste, con excepción das que lle corresponden en materia de secuestro e reversión da concesión, así como de resolución do contrato.»

Disposición adicional novena. Autorización ó Goberno.

O Goberno aprobará a regulamentación técnica que permita a interoperabilidade dos sistemas de cobramento electrónico de peaxes sen detención do vehículo utilizados polos concesionarios de autoestradas.

Disposición adicional décima. Modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas:

Un. O artigo 54 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Non obstante o disposto no artigo anterior, poderase outorgar a explotación total ou parcial dos servicios de temporada ós titulares de concesións de creación, rexeneración ou acondicionamento de praias, nos termos que se establezan no título correspondente.

2. Igualmente poderá outorgarse a autorización para a explotación total ou parcial dos servicios de temporada nas praias, como contraprestación ó custo da execución dunha obra pública relacionada con estas que, pola súa natureza e características, non sexa susceptible de explotación económica.»

Dous. O punto 6 do artigo 84 queda redactado nos seguintes termos:

«6. As comunidades autónomas e as corporacións locais estarán exentas do pagamento do canon de ocupación nas concesións ou autorizacións que se lles outorguen, sempre que estas non sexan obxecto de explotación lucrativa, directamente ou por terceiros. Igualmente quedarán exentos do pagamento deste canon os supostos previstos no punto 2 do artigo 54 desta lei.»

Disposición adicional décimo primeira. Obras públicas hidráulicas.

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo:

Un. Engádesse un novo punto 3 ó artigo 125 coa seguinte redacción:

«O título V do libro II da Lei de contratos das administracións públicas aplicarase no que non se opoña ó previsto polos puntos anteriores deste artigo.»

Dous. O capítulo III do título VIII queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO III

Dos contratos de concesión de obras hidráulicas

Artigo 133. Réxime xurídico.

O réxime xurídico do contrato de concesión de obras hidráulicas será o establecido no título V do libro II da Lei de contratos das administracións

públicas, sen prexuízo das peculiaridades que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 134. Prazos.

Non serán de aplicación os prazos fixados no artigo 263 da Lei de contratos das administracións públicas, establecéndose os seguintes:

a) O prazo da concesión para a construción e explotación ou soamente a explotación das obras hidráulicas será o previsto en cada prego de cláusulas administrativas particulares, para o que se terá en conta a natureza das obras e o investimento que se vai realizar, sen que poida exceder en ningún caso de 75 anos.

b) Os prazos fixados no prego poderán ser prorrogados ata o límite establecido no punto anterior e reducidos de acordo co previsto no título V do libro II da Lei de contratos das administracións públicas.

Artigo 135. Pregos de condicións administrativas particulares.

A Administración concedente poderá incluír nos pregos de cláusulas administrativas particulares, ademais dos aspectos previstos no artigo 230 da Lei de contratos das administracións públicas, os seguintes:

a) A obriga ó licitador seleccionado de incorporar á sociedade ou entidade que para o efecto se constitúa as comunidades de usuarios da auga relacionadas coa obra obxecto da concesión.

b) A determinación dos mecanismos adecuados para a recuperación das achegas que, se é o caso, realizase.»

Disposición adicional décimo segunda. Infraestructuras do sector enerxético.

1. Rexeranse pola súa lexislación específica as obras e instalacións relacionadas co sistema de transporte e distribución de enerxía eléctrica, as telecomunicacións, o gas e os hidrocarburos.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, será de aplicación ás instalacións da rede de transporte de enerxía eléctrica reguladas no artigo 35 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como ás instalacións da rede básica de transporte de gas natural reguladas polo artigo 59 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, as autorizacións das cales sexan competencia da Administración xeral do Estado, o disposto nas disposicións adicionais segunda e terceira desta lei.

3. O informe a que se refire o punto 1 da disposición adicional terceira remitirase e obterase no seo dos procedementos establecidos e regulados na lexislación sectorial aplicable.

4. As decisións que finalmente adopten os órganos estatais competentes sobre a execución das instalacións mencionadas nos puntos 2 e 3 desta disposición serán comunicadas polo Ministerio de Economía ás comunidades autónomas e entidades locais afectadas, a fin de que procedan, se é o caso, a modificar no que sexa preciso os plans territoriais e urbanísticos correspondentes.

Disposición adicional décimo terceira. Garantía de accesibilidade para persoas con discapacidade e persoas maiores.

As obras públicas que se constrúan mediante contrato de concesión, incluídas as zonas complementarias de explotación comercial ás que se refire o artigo 223

da Lei de contratos das administracións públicas, observarán as disposicións normativas que resulten de aplicación en materia de eliminación de barreiras e promoción da accesibilidade, de modo que se asegure o seu uso en condicións de comodidade e seguridade por parte das persoas con discapacidade e persoas maiores que teñan problemas de mobilidade ou comunicación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto nesta lei, e, en especial:

a) Os artigos 124.4, 139 e o inciso «a porcentaxe do 30 por 100 do artigo 131» da disposición derradeira primeira da Lei de contratos das administracións públicas.

b) Os artigos 4.2; 5; 6; 7; 13; 16.1; 25.2, 25 bis; 26; 30; 32 e 34 da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.

c) Os artigos 53 a 105 e o artigo 111 da Lei xeral de obras públicas do 13 de abril de 1877.

d) O punto 2 do artigo 5 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no que resulte aplicable ás instalacións de transporte de enerxía eléctrica, así como o punto 2 do artigo 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, no que resulte aplicable ás instalacións da rede básica de transporte de gas natural.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter da lexislación.*

1. Esta lei é de aplicación xeral á Administración xeral do Estado e ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela. Será de aplicación ó resto de administracións públicas nos termos e co alcance que se sinala nos puntos seguintes.

2. Constitúen lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución os preceptos que a continuación se enumeran:

a) Os artigos 5.2.a), 7, 130 a 134 e 157.a) da Lei de contratos das administracións públicas na redacción dada a estes polos puntos un a tres do artigo único desta lei.

b) Os artigos contidos no título V do libro II da Lei de contratos das administracións públicas, agás o disposto no punto 4 desta disposición e os artigos ou parte destes que a seguir se enumeran:

O artigo 223.

O prazo dun mes ampliable por outro mes do punto 3, o punto 4 e o prazo de tres meses ampliable a seis e o sentido desestimatorio do silencio do punto 5 do artigo 227.

O último inciso do punto 1, o prazo dun mes ampliable por outro mes do punto 3 e os puntos 4 e 5 do artigo 228.

O punto 3 do artigo 229.

O último inciso do punto 1 do artigo 231.

O punto 3 do artigo 235.

A porcentaxe do 30 por cento do punto 1 do artigo 237.

O punto 1 do artigo 238.

O punto 2 do artigo 245.

O punto 5 do artigo 246.

O artigo 247.

Os puntos 2 e 3 do artigo 251.

Os límites máximos das penalidades previstas no punto 2 e os puntos 5 e 6 do artigo 252.

O punto 7 do artigo 254.

O punto 2 do artigo 255.

c) As seguintes disposicións da parte derradeira:

A disposición adicional primeira.

A disposición adicional segunda, punto 1, primeiro parágrafo.

A disposición adicional cuarta.

A disposición adicional sexta, salvo a segunda frase do punto 1, desde «A aprobación...» ata «... do beneficiario», e o punto 2.

A disposición adicional décimo primeira.

A disposición derradeira segunda.

A disposición derradeira cuarta.

3. Constitúen lexislación básica dictada ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución os preceptos que a seguir se enumeran:

A disposición adicional segunda, punto 1, segundo parágrafo.

A disposición adicional novena.

4. Os artigos que se indican a seguir dítanse ó abeiro das competencias exclusivas que corresponden ó Estado en virtude do disposto no artigo 149.1.4.^a, 6.^a, 8.^a, 14.^a e 24.^a da Constitución:

O artigo 246.6.

O artigo 253.1.

O artigo 254.1 e 2.

O artigo 255.1.

O artigo 256.

O artigo 257.

O artigo 258.

O artigo 260.

A disposición adicional segunda, puntos 2 e 3.

A disposición adicional terceira.

A disposición adicional décima.

5. A disposición adicional décimo segunda dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.22.^a e 25.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que, en desenvolvemento desta lei, promulgue a Administración xeral do Estado poderán ter carácter de básicas cando constitúan o complemento necesario do dito carácter respecto dos artigos que o teñen atribuído conforme a disposición derradeira primeira e así se sinala na propia norma de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación da lei.*

Esta lei será de aplicación ós contratos que se liciten con posterioridade á súa entrada en vigor. Para estes efectos, entenderase que se realizou a licitación na data da primeira publicación do correspondente anuncio de licitación. Nos procedementos negociados sen publicidade entenderase que se realizou a licitación a partir da data de remisión da invitación ós empresarios a presentar ofertas.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o Consello de Ministros para dicta-las disposicións necesarias en desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ós tres meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades,
que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10523 *LEI 14/2003, do 26 de maio, de modificación da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.* («BOE» 126, do 27-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**I**

A aprobación dun anovado réxime xurídico chamado a regular algúns dos aspectos da organización e funcionamento do Ministerio Fiscal representa unha iniciativa, a procedencia da cal se xustifica en por si. Así foi entendido no momento da subscripción do Pacto de Estado sobre a Xustiza e así vén imposto pola compartida convicción de que o Ministerio Fiscal constitúe unha das pezas clave para o funcionamento da Administración de Xustiza e, con ela, do propio estado de dereito. Da súa modernidade e do grao de eficacia co que exerza as funcións que lle son asignadas, dependerá, en boa medida, a efectiva vixencia dalgúns dos valores constitucionais comprometidos en todo proceso xurisdiccional.

A Constitución de 1978, rompendo a case xeneralizada abstención do constitucionalismo español respecto do fiscal, incorporou no seu artigo 124 un modelo da institución que enmarca loxicamente este proxecto de reforma.

De acordo con esa idea, o estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, aprobado pola Lei 50/1981, do 30 de decembro, representa a peza clave para a definición dese modelo. Como tal norma estatutaria cumpriu vinte anos de vixencia, sumándose así a esa tónica histórica antes apuntada de estabilidade normativa.

As materias que van ser obxecto de modificación legal foron decididas a partir dos contidos do Pacto de Estado, pola súa vez analizados conforme a experiencia dos últimos anos relativa ó funcionamento da institución.

A reforma, en consecuencia, supón desenvolve-lo modelo constitucional adaptando a organización e funcionamento do Ministerio Fiscal ás novas responsabilidades, incorporando plenamente principios constitucionais e democráticos como os da temporalidade no desempeño dos cargos, os criterios de mérito, especialización e formación para o exercicio de determinadas responsabilidades, así como o fortalecemento do papel que lle corresponde ó Consello Fiscal.

II

Conságrase nesta reforma a actuación do Ministerio Fiscal nos procesos civís cando estea comprometido o interese social ou afecten menores, incapaces ou desvalidos, así como a súa función de velar pola protección procesual das vítimas, intervir nos procesos relativos á responsabilidade penal dos menores orientando a súa actuación á satisfacción do interese superior do menor e nas cuestións de inconstitucionalidade e procesos laborais.

O Pacto de Estado para a Reforma da Administración de Xustiza xa proclamou a importancia de incorporar criterios de mérito, especialización, rendemento e calidade de traballo, xunto coa antigüidade, para a promoción no seo da carreira fiscal.

A propia memoria da Fiscalía Xeral do Estado correspondente ó ano 2001 consideraba a opción en tal sentido incorporada ó Pacto de Estado, lembrando que a antigüidade debe representar un dato clave para a promoción profesional. A antigüidade adoita ser expresión dun exercicio profesional que, como tal, terá contribuído a consolidar unha experiencia singularmente valiosa. Sen embargo, aquela non pode converterse no único factor determinante da asunción de responsabilidades na carreira fiscal.

Hai, pois, razóns para afirmar que o actual sistema de promoción baseado no estricto paso do tempo confire unha imaxe incompatible coa visión dun Ministerio Fiscal moderno, dinámico e comprometido cos valores constitucionais, a promoción e defensa dos cales lle incumben. De aí que a reforma considerase oportuno que todos aqueles destinos correspondentes a fiscalías onde a xefatura estea exercida por fiscal de sala sexan cubertos de acordo cos criterios de idoneidade.

O feito de as propostas de nomeamento teren que recibir previamente informe do Consello Fiscal engade unha garantía de que o xuízo de idoneidade non vai ser froito da precipitación, senón da análise ponderada do grao de especialización e valía de cada un dos candidatos.

III

No marco do punto noveno do Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza, abórdase unha modernización e adaptación da Secretaría Técnica como órgano de apoio ó fiscal xeral do Estado. A diferenza da actual situación, na que o titular da xefatura da Secretaría Técnica debe ser promovido á condición de fiscal de sala e consolida de modo definitivo a súa pertenza á primeira categoría, a redacción que se propón aclara que aquel terá a consideración de fiscal de sala tan só mentres exerza a xefatura do órgano. É dicir, a pertenza á primeira categoría só se mantén en canto se siga desempeñando aquel posto de libre designación. Introdúcese así un elemento que reforza esa estreita relación de confianza entre o fiscal xeral do Estado e quen debe asumila xefatura do seu gabinete de asesoramento.

Tamén se amplía o tradicional cometido da Secretaría Técnica, atribuíndolle o exercicio ou, se é o caso, a coordinación daquelas funcións que as nosas leis lle imponen ó Ministerio Fiscal en materia de cooperación xudicial internacional. Todo iso, claro é, sen prexuízo das competencias que o ordenamento xurídico asigna a outros órganos públicos.

A reforma considerou que o actual marco xurídico das xefaturas dos diferentes órganos do Ministerio Fiscal é inconciliabile coa realidade comparativa que ofrecen, por exemplo, as presidencias de sala do Tribunal Supremo, a presidencia da Audiencia Nacional, dos tribunais superiores de Xustiza ou das audiencias provinciais. De